

# **BORRADOR DA LEI DE MONTES DE GALIZA**

31 marzo de 2008

## Título Preliminar. Concepto, funcións, competencias e clasificación dos montes.

Capítulo I Disposicións xerais.

Capítulo II: Competencias das administracións públicas.

Capítulo III: Clasificación dos montes.

## Título I. Do Rexistro Forestal de Galiza.

### Título II. Réxime xurídico dos montes.

Capítulo I. Réxime xurídico dos montes públicos.

Sección primeira. Montes demaniais

Sección segunda. Investigación, recuperación de oficio e deslindamento.

Sección terceira. Dereito de adquisición preferente, unidades mínimas de actuación forestal e principio de compensación.

Sección cuarta. Inscripción no rexistro da propiedade.

Sección quinta. Réxime xurídico dos montes patrimoniais.

Capítulo II. Réxime xurídico dos montes privados.

Capítulo III. Réxime xurídico dos montes protectores e montes de especial protección autonómica.

Capítulo IV. Réxime xurídico dos montes veciñais en man común.

Sección primeira: natureza.

Sección segunda: Aproveitamentos e actos de disposición.

Subsección primeira: Aproveitamentos do monte veciñal.

Subsección segunda: Actos de disposición.

Sección terceira: Clasificación dos montes veciñais en man común.

Sección cuarta: Deslindamento dos montes veciñais en man común

Sección quinta: Organización das comunidades de montes veciñais en man común.

Sección sexta: Competencias da Administración da Comunidade Autónoma.

## Título III. Da planificación e da xestión forestal sustentábel.

Capítulo I: Información forestal.

Capítulo II. Da planificación territorial forestal.

Sección primeira: Estratexia Galega de Xestión Forestal Sustentábel.

Sección segunda: Planificación Forestal de Galiza

Capítulo III. Da xestión e ordenación forestal sustentábel.

## Título IV. Aproveitamentos forestais.

Capítulo I. Disposicións xerais.

**Capítulo II. Aproveitamentos forestais.**

**Capítulo III. Aproveitamentos madeiráveis e leñosos.**

**Capítulo IV. Aproveitamentos non madeiráveis.**

**Capítulo V. Aproveitamentos en montes públicos e aproveitamentos en montes xestionados pola administración forestal.**

**Capítulo VI. Fondo de melloras.**

**Título V. Conservación e protección de montes.**

**Capítulo I. Usos do solo.**

**Capítulo II. Conservación.**

**Capítulo III. Pragas, enfermidades forestais, defensa fitosanitaria e xenética forestal.**

**Capítulo IV. Prevención e defensa contra incendios forestais.**

**Título VI. Educación, divulgación, formación e investigación.**

**Capítulo I. Educación e divulgación.**

**Capítulo II. Formación e investigación.**

**Título VII. Fomento forestal.**

**Capítulo I. Das infraestruturas forestais.**

**Capítulo II. Defensa dos intereses forestais.**

**Capítulo III. Incentivos.**

**Título VIII. Réxime sancionador.**

**Capítulo I. Medidas provisionais**

**Capítulo II. Potestade sancionadora.**

**Capítulo III. Infraccións.**

**Capítulo IV. Sancións.**

Sección primeira: Órganos competentes.  
Sección segunda: Sancións.  
Sección terceira. Reparación do dano e indemnización.

#### Disposicións adicionais.

Disposición adicional primeira. Concorrenza de expedientes sobre deslindamento de montes e delimitación de concellos.  
Disposición adicional segunda. Defensa.  
Disposición adicional terceira. Xestión dos montes pro indiviso.  
Disposición adicional cuarta. Clasificación como veciñais enmán común dos montes de titularidade municipal e uso comunal.  
Disposición adicional quinta. Prevención e defensa contra incendios forestais.

#### Disposicións transitorias.

Disposición transitoria primeira. Montes consorciados ou con convenios coa Administración.  
Disposición transitoria segunda. Incentivos respecto dos montes non ordeados.  
Disposición transitoria terceira. Prazo para dotarse do plan de xestión forestal.  
Disposición transitoria cuarta. Inclusión no Rexistro Galego de Montes Ordenados.  
Disposición transitoria quinta. Autorización de corta en montes veciñais en man común.  
Disposición transitoria sexta. Montes sen instrumento con aproveitamentos madeirables.  
Disposición transitoria sétima. Procedemento extraordinario de revisión.  
Disposición transitoria oitava. Procedementos de clasificación pendentes de resolución.  
Disposición transitoria novena. Procedementos de descatalogación en curso.  
Disposición transitoria décima. Terreos con uso forestal.

#### Disposicións Derrogatorias.

Disposición derogatoria primeira.  
Disposición derogatoria segunda.

#### Disposicións Derradeiras

Disposición derradeira primeira. Habilidade normativa.  
Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

## **Exposición de motivos.**

### **Título Preliminar. Concepto, funcións, competencias e clasificación dos montes.**

#### **Capítulo I Disposicións xerais.**

##### **Artigo 1. Obxecto da Lei.**

Esta Lei ten por obxecto a regulación dos montes situados na Comunidade Autónoma de Galiza, consonte á competencia exclusiva que lle atribúen os artigos 27.10 e 27.11 do Estatuto de Autonomía de Galiza.

##### **Artigo 2. Principios da Lei.**

Esta Lei inspírase nos seguintes principios:

- A xestión sustentábel do monte.
- A conservación, protección e restauración dos montes.
- O fomento da multifuncionalidade do monte, nos seus aspectos económico, social e medioambiental.
- O desenvolvemento socio-económico do medio rural.
- A participación dos sectores sociais e económicos implicados na política forestal.
- O fomento da valorización dos montes, das producións forestais e dos seus sectores económicos asociados.
- A cooperación e colaboración das distintas administracións públicas.
- O interese público dos montes veciñais e a colaboración coas súas comunidades.
- O fomento da diversidade biolóxica dos ecosistemas forestais.

##### **Artigo 3. Concepto de monte.**

1. Para os efectos desta Lei, enténdese por monte todo terreo no que vexetan especies forestais arbóreas, arbustivas, de matogueira ou herbáceas, sexa espontaneamente ou procedentes de sementeira ou plantación, que cumpran ou poidan cumprir funcións ambientais, protectoras, produtoras, culturais, paisaxísticas ou recreativas.
2. Teñen tamén a consideración de monte:
  - a. Os terreos ermos, rochosos e areais.
  - b. As superficies onde estean ubicadas as construcións e infraestruturas destinadas ao servizo do monte.
  - c. Todo terreo que, sen reunir as características descritas anteriormente, se adscriba á finalidade de ser repoboado ou transformado ao uso forestal, de conformidade coa normativa aplicábel.
3. Non terán a consideración de monte ou terreo forestal os terreos dedicados ao cultivo agrícola, os prados naturais, o solo urbano, os núcleos rurais e o solo urbanizable delimitado, incluíndo a canle e a zona de dominio público hidráulico destes solos, e os excluídos pola normativa vixente, así como os terreos rústicos de protección agropecuaria.

#### **Artigo 4. Función social dos montes.**

Os montes desenvolven unha función social como fonte de recursos naturais, económicos, didácticos e recreativos, polo que a Administración da Comunidade Autónoma de Galiza procurará a súa conservación, protección, ordenación e mellora, habilitando os medios humanos e materiais que sexan necesarios para manter e potenciar esa función social.

#### **Artigo 5. Definicións.**

Aos efectos desta Lei, defínense os seguintes termos:

**Aproveitamentos forestais:** os madeirábeis e leñosos, incluída a biomasa forestal, os de cortiza, pastos, caza, froitos, cogumelos, plantas aromáticas e medicinais, produtos apícolas e os demais produtos e servizos con valor de mercado característicos dos montes.

**Axente forestal:** funcionario que ostenta a condición de axente da autoridade pertencente ás administracións públicas que, de acordo coa súa propia normativa e con independencia da denominación corporativa específica, ten encomendadas, entre outras funcións, as de policía e custodia dos bens xurídicos de natureza forestal e a de policía xudicial en sentido xenérico tal como establece o apartado 6 do artigo 283 da Lei de axuizamento criminal.

**Biomasa forestal primaria:** biomasa procedente de cultivos enerxéticos forestais ou producida durante a realización de calquera tipo de tratamento silvícola ou aproveitamento en masas forestais, incluídas cortizas, así como a xerada na limpeza e mantemento dos espazos verdes.

**Bosque:** zona arborada procedente de rexeneración natural e composta de especies arbóreas autóctonas.

**Cambio do uso forestal:** toda actuación material derivada do correspondente acto administrativo que faga perder ao monte o seu carácter de tal.

**Cadea Monte-Industria:** o conxunto do sector forestal integrado polos propietarios, titulares de dereitos, silvicultores, as entidades que presten servizos forestais, as dedicadas aos viveiros, á xestión da biomasa, á execución de aproveitamentos, as de comercialización e as industrias de primeira transformación, nas que se inclúen as de serra, chapa, tableiros, pasta de celulosa e cortiza, e as restantes que transformen produtos forestais procedentes dos montes galegos.

**Certificación forestal:** procedemento voluntario polo que unha terceira parte independente proporciona unha garantía escrita tanto de que a xestión forestal é realizada conforme a criterios de sustentabilidade como de que se realiza un seguemento fiable dende a orixe dos produtos forestais.

**Cultivo forestal:** plantación forestal con carácter non permanente para a obtención de produtos forestais con tratamentos enfocados á produción.

**Especie forestal:** especie arbórea, arbustiva, de matorral ou herbácea que non é característica de forma exclusiva do cultivo agrícola.

**Forestación:** repoboación, mediante semente ou plantación, dun terreo que era agrícola ou estaba dedicado a outros usos non forestais.

**Forestal:** todo o relativo aos montes.

**Instrumentos de xestión forestal:** engloban os proxectos de ordenación de montes, plans dasocráticos, plans técnicos, instrumentos de xestión forestal específicos ou outras figuras equivalentes, como os plans de ordenación de recursos forestais.

**Monte ordenado:** o que dispón de instrumento de xestión vixente.

**Multifuncionalidade:** todos os distintos usos que se integran nos ámbitos social, medioambiental e produtivo do monte.

**Parques periurbáns:** Espazos de lecer situados en montes lindantes con zonas urbanas e habilitados para unha utilización sociorecreativa en canto a accesibilidade, a existencia de infraestruturas e, en xeral, a accións e dotacións que aumenten a súa capacidade de acollida.

**Pista forestal:** Camiño, afirmado ou non, que discorre polo monte e que se utiliza para o seu acceso e a execución de traballos forestais.

**Reforestación:** a reintrodución de especies forestais, por medio de semente ou plantación, en terreos que xa estiveron poboados forestalmente ata épocas recentes, mais que quedaron rasos por mor de cortas, incendios, vendavais, pragas, enfermidades ou outros motivos.

**Repoboación forestal:** introdución de especies forestais nun terreo mediante sementeira ou plantación.

**Residuos forestais:** aqueles restos forestais procedentes de cortas, podas, rozas e outras actividades silvícolas realizadas nos terreos forestais, sen aproveitamento na industria de primeira transformación, e que deben ser procesados ou eliminados

**Silvicultura:** conxunto de técnicas que tratan da conservación, mellora, aproveitamento e rexeneración ou, no seu caso, restauración das masas forestais.

**Unidade de xestión forestal:** a superficie forestal, cunha extensión mínima de 15 hectáreas, que vén obrigada a manter un instrumento de xestión forestal específico e unha rede de infraestruturas preventivas básicas, e que será obxecto de priorización nas accións de fomento forestal.

**Valorización forestal:** as medidas cuxo fin é a consecución do aproveitamento equilibrado e sustentable no tempo dos distintos usos forestais.

**Xestión:** o conxunto de actividades de índole técnica e material relativas á conservación, mellora e aproveitamento do monte.

**Xestión forestal sustentábel:** a organización, administración e uso dos montes de xeito e intensidade que permita manter a súa biodiversidade, produtividade, vitalidade, potencialidade e capacidade de rexeneración, para atender, agora e no futuro, as funcións ecolóxicas, económicas e sociais relevantes á escala local, nacional e global, e sen producir danos a outros ecosistemas.

**Xestor de biomasa:** a entidade que, acreditada pola administración forestal, realice accións de recollida, transporte, almacenaxe ou procesado de residuos forestais, para a súa valorización enerxética, compostaxe ou outros aproveitamentos industriais.

**Zonas de alto risco de incendio forestal:** As zonas identificadas e delimitadas no planeamento de defensa contra os incendios forestais de Galiza nas que se recoñece como prioritaria a aplicación de medidas máis rigorosas de defensa contra os incendios forestais, ante o elevado risco de incendio, pola especial frecuencia ou virulencia dos incendios forestais ou pola importancia dos valores ameazados.

## **Capítulo II: Competencias das administracións públicas.**

### **Artigo 6. Disposicións xerais.**

A Xunta de Galiza respectará os principios e procurará os fins aos que atende esta Lei no desenvolvemento das súas competencias en materia forestal, e cooperará no seu exercicio coas demais Administracións públicas para garantir a execución coordinada das políticas públicas forestais, medioambientais e de ordenación do territorio.

### **Artigo 7. Competencias da administración da Comunidade Autónoma.**

1. Correspóndelle á Administración da Comunidade Autónoma de Galiza a determinación e a execución da política forestal a protección e a defensa dos montes, sen prexuízo das competencias propias das demais Administracións públicas en materia forestal.
2. Son competencias da Comunidade Autónoma de Galiza:
  - a) A lexislación forestal no marco dos artigos 27.10 e 27.11 do Estatuto de Autonomía de Galiza
  - b) A elaboración da política forestal da Comunidade Autónoma.
  - c) A aprobación dos plans de actuación en materia de montes e dos instrumentos de xestión forestal.
  - d) A xestión do Rexistro forestal de Galiza que inclúe o Catálogo de Montes de Utilidade Pública de Galiza, do Rexistro de Montes Protectores de Galiza, do Rexistro dos Montes Veciñais en Man Común de Galiza e doutros rexistros en materia forestal que se regulan nesta lei.
  - e) A defensa da propiedade pública forestal e o exercicio das facultades e dereitos dominicais sobre os montes de titularidade da Comunidade Autónoma.
  - f) A administración e a xestión dos montes públicos da súa titularidade e daqueles outros cuxa administración e xestión teña atribuída legalmente.
  - g) A xestión das asignacións procedentes dos fondos comunitarios e doutros recursos que poida percibir.
  - h) A autorización, suspensión ou supresión de servidumes e o outorgamento de concesións nos montes públicos da Comunidade Autónoma de Galiza.
  - i) O exercicio da potestade sancionadora en materia forestal respecto de infraccións cometidas no territorio de Galiza.
  - j) A regulamentación dos usos e aproveitamentos nos montes galegos.
  - k) A prevención e loita contra os incendios forestais.
  - l) As actuacións en materia de sanidade forestal.



- m) A promoción da investigación e a educación en materia forestal.
  - n) O exercicio dos dereitos de tenteo e retracto contemplados nesta Lei e demais dereitos e accións destinadas ao incremento do seu patrimonio forestal.
  - o) A promoción da xestión forestal sustentábel e o fomento do desenvolvemento ambiental, económico e social do sector forestal en Galiza.
  - p) A supervisión e o fomento das actividades desenvolvidas nos montes veciñais en man común.
  - q) Outras competencias determinadas na normativa sobre montes que lle sexan atribuídas.
3. As competencias da Xunta de Galiza en materia de montes serán exercidas pola consellaría competente en materia de montes, sen prexuízo daquelas atribuídas expresamente a outras consellarías e das reservadas ao Consello da Xunta de Galicia.
  4. O Consello da Xunta desenvolverá normativamente as materias que son obxecto de regulación nesta Lei.

### **Artigo 8. Competencias das Administracións Locais.**

1. As Administracións Locais de Galiza administrarán e dispoñerán dos aproveitamentos e terreos forestais da súa titularidade, con arreglo ao disposto nesta Lei.
2. Así mesmo, lles corresponde a xestión dos montes catalogados da súa titularidade.
3. Todas as autoridades, órganos e axentes das Administracións Locais velarán, no exercicio das súas respectivas atribucións, polo cumprimento do preceptuado nesta Lei e na demais lexislación aplicábel en materia de montes.

### **Capítulo III: Clasificación dos montes.**

#### **Artigo 9. Montes públicos e montes privados.**

1. Segundo a súa titularidade, os montes poden ser públicos ou privados.
2. Son montes públicos os pertencentes ao Estado, á Comunidade Autónoma de Galiza, ás entidades locais e a outras entidades de dereito público.
3. Son montes privados os que pertencen ás persoas físicas ou xurídicas de dereito privado, individualmente ou en copropiedade.
4. Son montes abertais, de voces, de varas ou de fabeo os conservados en pro indiviso nos que os seus copropietarios, sen prexuízo de realizaren en común aproveitamentos secundarios, tiñan ou manteñen o costume de se reunir para repartir entre si porcións determinadas de monte ou searas para o seu aproveitamento privativo, asignacións que se fan en tantos lotes como partícipes principais veñen determinados polos títulos ou polo uso inmemorial, e nos que a súa adxudicación se decide pola sorte, tamén sen prexuízo da subdivisión das searas así asignadas consonte as adquisicións hereditarias ou contractuais.

5. Son montes veciñais en man común as terras situadas na comunidade autónoma de Galiza que, con independencia da súa orixe, das súas posibilidades produtivas, do seu aproveitamento actual e da súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais, e non como entidades administrativas, e que se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas, na súa condición de veciños con residencia habitual nas entidades de poboación ás que tradicionalmente estivese adscrito o aproveitamento do monte. No non disposto nesta lei e na normativa regulamentaria que a desenvolva, aplicaráselles o disposto para os montes privados.

#### **Artigo 10. Montes protectores e montes de especial protección autonómica.**

1. Por razón do seu grao de protección, os montes poderán clasificarse en montes protectores e montes de especial protección autonómica.
2. Son montes protectores os montes públicos ou privados que sexan declarados como tales polo Consello da Xunta de Galiza por se atopar nalgún dos supostos do artigo 32.
3. Son montes de especial protección autonómica os montes públicos ou privados declarados como tales polo Consello da Xunta de Galiza, por presentaren, entre outras, algunhas das características do artigo 33.

#### **Artigo 11. Montes de dominio público ou demaniais e montes patrimoniais**

Os montes públicos clasifícanse en:

1. Montes de dominio público ou demaniais, que integran o dominio público forestal:
  - a) Montes incluídos no Catálogo de Montes de Utilidade Pública.
  - b) Montes comunais, pertencentes ás entidades locais, en tanto o seu aproveitamento corresponda ao común dos veciños
  - c) Aqueloutros montes que, sen reunir as características anteriores, foran afectados a un uso ou servizo público.
2. Son montes patrimoniais os de propiedade pública que non sexan demaniais.

## Título I. Do Rexistro Forestal de Galiza.

### Artigo 12. Do Rexistro Forestal de Galiza.

1. Créase o Rexistro Forestal de Galiza, como rexistro administrativo adscrito á consellaría competente en materia de montes, no que se inscribirán todos os montes da Comunidade Autónoma, en función da súa pertenza a algunha das seguintes seccións:
  - a) **Catálogo de Montes de Utilidade Pública de Galiza:** no que se inscriben os montes declarados de utilidade pública que estean situados dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galiza.
  - b) **Rexistro de Montes Protectores e de Montes de Especial Protección Autonómica de Galiza:** no que se inscribirán aqueles montes que, reunindo as circunstancias establecidas nos artigos 32 e 33 desta Lei, fosen declarados protectores ou de especial protección autonómica, tanto con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei como a partir deste momento. Tamén se inscribirán neste Rexistro as cargas, gravames e demais dereitos reais que soporten os devanditos montes.
  - c) **Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común:** no que constará unha relación actualizada dos montes veciñais en man común e da súa situación estatutaria e patrimonial.
  - d) **Rexistro de dereitos forestais:** no que deberán figurar a descrición básica do contido e período de duración dos dereitos e aproveitamentos forestais adquiridos a favor da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ou que deriven da sinatura de convenios cos propietarios.
  - e) **Rexistro galego de montes ordeados:** no que se inscribirán os montes situados na Comunidade Autónoma de Galicia que teñan un instrumento de xestión, especificando o instrumento ou instrumentos de xestión que os regula.
  - f) **Rexistro de viveiros forestais:** no que se inscribirán os viveiros e os centros de produción de semente situados no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galiza .
  - g) **Rexistro de empresas forestais:** rexistro no que se inscribirán as empresas forestais.
2. As seccións destes rexistros serán obxecto de desenvolvemento regulamentario.

## **Título II. Réxime xurídico dos montes.**

### **Capítulo I. Réxime xurídico dos montes públicos.**

#### **Sección primeira. Montes demaniais.**

##### **Artigo 13. Réxime xurídico dos montes demaniais.**

Os montes demaniais son inalienábeis, imprescriptíbeis e inembargábeis e non están suxeitos a tributo algún que grave a súa titularidade.

##### **Artigo 14. Montes catalogados de utilidade pública.**

1. Poderán ser incluídos no Catálogo de Montes de Utilidade Pública os montes públicos comprendidos nalgún dos seguintes supostos:
  - a) Os que cumpran algunha das características enumeradas nos artigos 32 e 33 desta lei.
  - b) Os que, sen reunir plenamente no seu estado actual as características referidas no apartado a), sexan destinados á restauración, repoboación ou mellora forestal cos fins de protección daqueles.
2. O procedemento de declaración de utilidade pública dos montes públicos iniciarase de oficio pola consellaría competente en materia de montes ou a instancia da entidade propietaria.
3. A declaración de utilidade pública farase mediante decreto do Consello da Xunta, polo procedemento que se estableza regulamentariamente no que deberá ser oída a administración titular, e de ser o caso, os titulares de dereitos sobre os devanditos montes, e implicará a inclusión do monte declarado de utilidade pública no Catálogo de Montes de Utilidade Pública de Galiza.

##### **Artigo 15. Catálogo de Montes de Utilidade Pública de Galiza.**

1. O Catálogo de Montes de Utilidade Pública de Galiza adscribese ao Rexistro forestal de Galiza. O devandito catálogo é público e de carácter administrativo no que se inscriben os montes declarados de utilidade pública que estean situados dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galiza.
2. O Catálogo de Montes de Utilidade Pública de Galiza será xestionado pola consellaría competente en materia de montes que deberá ter permanentemente actualizado e revisado o seu contido.
3. A exclusión total ou parcial do Catálogo dun monte declarado de utilidade pública só se poderá acordar cando desaparezan as causas que motivaron esa declaración, seguindo o mesmo procedemento previsto para a devandita declaración.
4. O Consello da Xunta de Galicia, a proposta da consellaría competente en materia de montes, poderá autorizar a exclusión parcial ou a permuta dunha parte non significativa

dun monte incluído no Catálogo sempre que supoña unha mellor definición da superficie do monte ou unha mellora para a súa xestión ou conservación.

#### **Artigo 16. Efectos xurídicos da inclusión dos montes no catálogo.**

1. A inclusión dun monte no Catálogo outorga a presunción posesoria á entidade pública a favor da que estea inscrita, podendo exercer as accións posesorias para a protección e recuperación da posesión.
2. De estar un monte incluído no Catálogo afectado por un expediente do que poida derivarse outra declaración de demanialidade distinta da forestal, a excepción dos declarados como de interese xeral polo Estado, e sen prexuízo do que, de ser o caso, dispoña a declaración de impacto ambiental, as Administracións competentes buscarán vías de cooperación para determinar que declaración ten que prevalecer. De discrepar as Administracións, estarase ao que dispón o artigo 18.4 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes.
3. A impugnación da titularidade que se asigne a un monte no Catálogo de Montes de Utilidade Pública de Galiza farase consonte o disposto no artigo 18.1 da Lei 43/2003, de 21 de novembro, de montes.
4. A Comunidade Autónoma de Galicia e, de ser o caso, a entidade titular do monte, serán parte demandada nos xuízos declarativos ordinarios de propiedade de montes catalogados, segundo o disposto no artigo 18.2 da Lei 43/2003, de 21 de novembro, de montes.
5. A inscrición dos montes catalogados e dos dereitos que sobre eles se constitúan inscribíranse no Rexistro da Propiedade conforme o artigo 18.3 da Lei 43/2003.

#### **Artigo 17 Desafectación de montes demaniais.**

1. A desafectación dos montes do dominio público forestal incluídos no Catálogo de Montes de Utilidade Pública de Galiza requirirá, sen prexuízo do previsto no artigo 18.4 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes, a súa previa exclusión do devandito Catálogo.
2. A desafectación dos restantes montes demaniais tramitarase pola súa Administración titular e requirirá, en todo caso, o informe favorable da Consellaría competente en materia de montes.
3. Regulamentariamente establecerase o procedemento de desafectación dos montes demaniais, no que se dará audiencia aos interesados.

### **Sección segunda. Investigación, recuperación de oficio e deslindamento.**

#### **Artigo 18. Investigación da titularidade.**

1. Os titulares dos montes demaniais investigarán a situación de terreos que se presuman pertencentes ao dominio público forestal, a cuxo efecto poderán recabar todos os datos e informes que se consideren necesarios.
2. Mediante o exercicio da potestade investigadora, a administración titular do monte de que se trate, tomará constancia documental sobre a titularidade, cando esta non lle conste anteriormente ou sexa deficiente, establecendo provisionalmente os límites, ámbito da súa extensión e lindeiros dos montes.

#### **Artigo 19. Recuperación posesoria.**

1. A recuperación da posesión dos montes públicos da titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia que se achen indebidamente posuídos, producirase unha vez adoptado o correspondente acordo polo Consello da Xunta por proposta da consellaría competente en materia de montes.
2. A potestade de decisión executoria relativa á existencia e límites dos propios dereitos da Administración haberá de ampararse na constancia documental do dominio e na presunción posesoria que outorga, de ser o caso, a inclusión no Catálogo de Montes de Utilidade Pública de Galiza, sen que poida ser combatida por accións posesorias ou procedementos especiais.
3. Respectaranse as situacións posesorias amparadas pola presunción de legalidade que concede o rexistro da propiedade, nos termos, do artigo 34 da Lei Hipotecaria e as situacións posesorias que proben de modo indubidábel a posesión en concepto de dono, quieta, pacífica e ininterrompida durante máis de trinta anos. Exceptúanse do establecido neste parágrafo os montes que teñan a consideración de dominio público, que non se poderán adquirir por usucapión ou prescripción adquisitiva en ningún caso.
4. Os titulares de montes patrimoniais poderán exercer a potestade de recuperación posesoria dos posuídos indebidamente por terceiros cando a iniciación do procedemento de recuperación da posesión fose notificada antes de que transcorra o prazo dun ano contado dende o día seguinte á usurpación. Pasado o devandito prazo, para recuperar a posesión destes bens, deberán exercitarse as accións correspondentes ante os órganos da orde xurisdiccional civil.

#### **Artigo 20. Disposicións xerais sobre o deslindamento.**

1. O deslindamento é o acto administrativo polo que se delimita o monte de titularidade pública e se declara con carácter definitivo o seu estado posesorio, a reserva do que puidese resultar dun xuízo declarativo da propiedade.
2. A potestade de deslindamento administrativo dos montes públicos corresponde á administración titular dos mesmos.
3. O deslindamento dos montes inscritos no Catálogo de Montes de Utilidade Pública e, en todo caso, o dos montes titularidade da Comunidade Autónoma de Galiza realizarase conforme ao procedemento que se establece nos artigos que seguen.

4. O deslindamento dos montes públicos non catalogados que non sexan titularidade da Comunidade Autónoma de Galiza efectuarase consonte ao procedemento que determinen as respectivas administracións públicas titulares.
5. A petición das devanditas administracións, e ás súas expensas, a administración forestal galega poderá deslindar os montes pertencentes a elas consonte ao procedemento previsto nos artigos seguintes.

#### **Artigo 21. Iniciación do procedemento de deslindamento.**

1. Todo acordo de inicio de deslindamento deberá ir precedido dunha memoria que o xustifique, con descrición xeral do monte, especificando os seus lindeiros, enclaves, colindancias, perímetros e superficies, así como os datos relativos á súa titularidade.
2. O expediente de deslindamento iniciarase por orde da consellaría competente en materia de montes, de oficio ou a instancia das entidades públicas propietarias dos montes ou dos propietarios privados dos predios lindantes ou titulares de dereitos reais sobre os mesmos e anunciarase no *DOG* e por edictos nos concellos, sen prexuízo da súa notificación persoal aos lindantes e interesados coñecidos.
3. Por lei fixarase a participación económica da administración forestal e dos propietarios privados, que unicamente satisfarán o seu custo cando o deslindamento se inicie a instancia deles.
4. A publicación do acordo de inicio do expediente de deslindamento facultará á administración forestal para promover os traballos de toma de datos e apeos necesarios, instalar fitos e sinais e recabar dos afectados os documentos que acrediten a titularidade dos dereitos sobre os predios.
5. A iniciación do expediente de deslindamento poderá implicar a suspensión do outorgamento de servidumes, ocupacións, concesións ou licenzas de uso ou calquera outras medidas provisionais que se consideren oportunas para protexer a efectividade do acto de deslindamento, que, de ser o caso, puidera aprobarse. A aprobación do deslindamento implicará o levantamento da suspensión no caso no que non resultase alterada a superficie ou condicións do predio sobre o que estaba concedida.
6. Regulamentariamente desenvolverase o procedemento de deslindamento e fixaranse os órganos competentes para a instrución e aprobación do mesmo, así como o procedemento de resolución de conflitos cando o deslindamento afecte a montes públicos de distintas administracións.

#### **Artigo 22. Apeo.**

1. O apeo é o recoñecemento sobre o terreo das parcelas para establecer a ubicación exacta dos seus límites.
2. O trámite do apeo iniciarase tras a aprobación da memoria de deslindamento. A estes efectos, publicaranse anuncios no *DOG* e no taboleiro de anuncios dos concellos onde radique o monte. Os devanditos anuncios conterán como mínimo:

- a) Emprazamento aos lindantes e a quen acredite un interese lexítimo para comparecer nas sesións de apeo, que deberán presentar, na oficina da administración competente para o deslindamento, os documentos que xustifiquen a súa lexitimación para personarse no expediente no prazo de trinta días hábiles.
  - b) Determinación das datas das distintas sesións de apeos.
3. Notificación aos interesados coñecidos de que as declaracións sobre os apeos haberán de formularse, para que consten en acta, na data e lugar no que aqueles se realicen, co fin de evitar novos recoñecementos sobre o terreo
  4. Só terán valor e eficacia no apeo os títulos de dominio inscritos no rexistro da propiedade e aqueles outros que a administración titular e a consellaría competente en materia de montes consideren con valor probatorio suficiente.
  5. Cando os interesados no expediente acheguen títulos de propiedade inscritos no rexistro da propiedade, o órgano que tramite o expediente dirixirase ao rexistrador co fin de que practique a anotación preventiva de deslindamento.
  6. Regulamentariamente desenvolverase o procedemento do trámite de apeo.
  7. Finalizado o apeo, elaborárase un informe do que se dará trámite de audiencia polo prazo dun mes a todos os interesados no expediente.
  8. Formuladas, no seu caso, as oportunas alegacións, e previo informe da asesoría xurídica da consellaría competente en materia de montes, elevarase a proposta ao conselleiro competente en materia de montes.

### **Artigo 23. Aprobación do deslindamento.**

1. Os deslindamentos deberán aprobarse considerando os documentos acreditativos ou situacións de posesión cualificada que acrediten a titularidade pública do monte obxecto do deslindamento, e establecerán os límites coas súas cabidas e plano, debendo concretarse, igualmente, os gravames existentes.
2. A resolución aprobatoria do deslindamento publicarase no *DOG*, notificarase debidamente aos interesados e lindantes coñecidos e comunicarse ao rexistro da propiedade e ao Catálogo de Montes de Utilidade Pública de Galiza.
3. A resolución é recurribel, polos interesados e lindantes, perante a xurisdición contencioso-administrativa cando estea esgotada a vía administrativa por razóns de competencia ou procedemento, e perante a xurisdición civil se o que se discute é o dominio, a posesión ou calquera outro dereito real.
4. A resolución aprobatoria do deslindamento, que haberá de cumprir cos requisitos que para a súa inscrición esixa a lexislación hipotecaria, logo de ser definitiva na vía administrativa, producirá os seguintes efectos:



- a) Delimita o monte de titularidade pública e declara con carácter definitivo o seu estado posesorio, a reserva do que puidese resultar dun xuízo declarativo da propiedade.
  - b) É título abondo para a inmatriculación do monte no rexistro da propiedade.
  - c) É título abondo para a cancelación das anotacións practicadas con motivo do deslindamento en terreos non atribuídos ao monte no deslindamento.
  - d) É título abondo para a inscrición de rectificación da descrición dos terreos afectados e, en concreto, a rectificación de situacións contraditorias co deslindamento que non se achen amparadas polo artigo 34 da Lei Hipotecaria, incluíndo o cambio de titularidade e a cancelación de inscricións rexistradas.
5. A consellaría competente en materia forestal comunicará ao Catastro Inmobiliario todos os datos e antecedentes relativos ao deslindamento.
  6. Non obstante, a resolución aprobatoria do deslindamento non é título abondo para rectificar os dereitos anteriormente inscritos a favor dos terceiros aos que se refire o artigo 34 da Lei Hipotecaria.

#### **Artigo 24. Colocación de marcos.**

Firme o acordo aprobatorio do deslindamento, procederáse á colocación dos marcos do monte, consonte ao procedemento que regulamentariamente se determine, no que participarán os interesados.

#### **Sección terceira. Dereito de adquisición preferente, unidades mínimas de actuación forestal e principio de compensación.**

#### **Artigo 25. Adquisición de montes.**

1. A Comunidade Autónoma de Galiza poderá incrementar a súa propiedade forestal adquirindo os montes ou os dereitos sobre estes que máis axeitadamente poidan servir ao cumprimento dos obxectivos desta Lei, a través de calquera negocio xurídico oneroso ou gratuito válido en dereito.
2. A Comunidade Autónoma de Galiza terá dereito de adquisición preferente, a reserva do disposto no apartado seguinte, nestes casos de transmisións onerosas:
  - a) De montes de superficie superior a 15 hectáreas.
  - b) De montes declarados protectores e de especial protección autonómica consonte aos artigos 32 e 33 desta Lei.
3. No caso de predios ou montes enclavados nun monte público ou lindantes con él, o dereito de adquisición preferente corresponderá á administración titular do monte lindante que contén o enclavado. No caso de montes lindantes con outros pertencentes a distintas administracións públicas, terá prioridade no exercicio do dereito de adquisición preferente aquela cuxo monte teña un maior linde común co monte en cuestión.
4. Para posibilitar o exercicio do dereito de adquisición preferente a través da acción de tanteo, o transmitente deberá notificar fidedignamente á administración pública titular

deste dereito os datos sobre os prezos e as características da proxectada transmisión. Esta disporá dun prazo de tres meses, a partir da data de notificación, para exercer o dereito, mediante o pagamento ou a consignación do seu importe nas referidas condicións.

5. Os notarios e rexistradores da propiedade non autorizarán nin inscribirán, respectivamente, as correspondentes escrituras sen que se lles acredite previamente a práctica da devandita notificación de forma fidedigna.
6. De levarse a efecto a transmisión sen a comunicación previa ou sen seguir as condicións reflectidas nela, a administración titular do dereito de adquisición preferente poderá exercer a acción de retracto no prazo dun ano contado desde a inscrición da transmisión no rexistro da propiedade ou, no seu defecto, dende que a administración tivera coñecemento das condicións reais da devandita transmisión.
7. O dereito de retracto ao que se refire este artigo é preferente a calquer outro establecido no ordeamento xurídico.

#### **Artigo 26. Unidade mínima de actuación forestal e límite á segregación de montes.**

1. A unidade mínima de actuación forestal é de 15 hectáreas, sen prexuízo do previsto na disposición derradeira primeira desta Lei.
2. Serán indivisíbeis, agás por causa non imputábel ao propietario, as parcelas forestais de superficie igual ou inferior a 15 hectáreas.
3. Nas concentracións parcelarias de monte non se permitirá a segregación de parcelas que dea como resultado a obtención de parcelas forestais de superficie inferior ás 15 hectáreas.

#### **Artigo 27. Principio de compensación**

- 1) Calquera diminución ou ocupación no monte producido por mor de actuacións urbanísticas, obras e servizos públicos ou de ocupacións temporais non agrarias por prazo superior a quince anos, incluíndo actividades mineiras, ou aquelas cunha ocupación de secuela permanente, deberá ser compensada polo promotor cunha actuación de índole forestal, social ou medioambiental. A devandita compensación ou actuación farase nos termos que regulamentariamente se establezan.
- 2) No caso de que a compensación consista nunha actuación de índole forestal ou medioambiental, a superficie da devandita actuación será polo menos a mesma que provocou a diminución ou ocupación do monte. Seranlle tamén de obrigado cumprimento ao promotor a reposición de marras, coidados culturais e o respecto das medidas de prevención e protección contra os incendios forestais según a norma vixente na materia, ate o total establecemento da masa.
- 3) A ocupación de calquera superficie forestal por mor de calquera actuación urbanística, edificación e dotación de equipamentos, obriga ao promotor á adquisición dos terreos

circundantes que garantan a protección contra incendios nas condicións que establece o artigo 23 da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra incendios forestais de Galiza.

#### **Sección cuarta. Inscripción no rexistro da propiedade.**

##### **Artigo 28. Inscripción no rexistro da propiedade.**

- 1) A titularidade dos montes de dominio público inscribírase no Rexistro da Propiedade, promovéndose a súa inmatriculación ou a súa inscrición pola administración titular, debendo inscribirse tamén os actos de deslindamento e amolloamento así como calquera dereito real constituído ou que puidese afectar esa titularidade.
- 2) A inscrición practícarase na forma establecida no artigo 18.3 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes ou, cando fose necesario, consonte ao disposto na lexislación sobre patrimonio das administracións públicas, na lexislación hipotecaria ou na lexislación sobre catastro inmobiliario.
- 3) Nas certificacións que a tal fin expida a consellaría competente en materia de montes deberá completarse a identificación do terreo mediante a incorporación dunha base gráfica ou mediante a súa definición topográfica, realizada por técnico competente, conforme a un sistema de coordenadas xeográficas.
- 4) No caso de que a inmatriculación ou inscrición se promova pola administración titular dun monte catalogado, a inscrición efectiva deberase poñer en coñecemento da consellaría con competencias en materia de montes.

#### **Sección quinta. Réxime xurídico dos montes patrimoniais.**

##### **Artigo 29. Réxime xurídico dos montes patrimoniais.**

1. Os montes patrimoniais poderán ser usucapidos pola posesión en concepto de dono, pública, pacífica e non interrompida durante un período de trinta anos.
2. Entenderase interrompida a posesión a efectos da usucapión pola realización de aproveitamentos forestais, pola iniciación de expedientes sancionadores ou por calquera acto posesorio realizado pola Administración propietaria do monte.

#### **Capítulo II. Réxime xurídico dos montes privados.**

##### **Artigo 30. Xestión dos montes privados.**

1. Os montes de propiedade privada xestionaranse polo seu titular.
2. Os titulares destes montes poderán, sen prexuízo da súa xestión directa, crear unidades de xestión forestal ou contratar a súa xestión con persoas físicas ou xurídicas de dereito público ou privado ou coa Administración da Comunidade Autónoma de Galiza.

3. A xestión, os aproveitamentos e os usos nestes montes realizaranse cumprindo co instrumento de xestión ou de planificación forestal aprobado pola consellaría competente en materia de montes, que así mesmo supervisará a aplicación deses instrumentos.
4. A consellaría competente en materia de montes obterá dos propietarios dos montes privados a información necesaria para elaborar un inventario de montes privados.

### **Artigo 31. Deberes dos propietarios de montes privados.**

Son deberes específicos dos propietarios dos montes privados:

1. A valorización ou, no seu caso, a trituración para incorporar como nutriente ao solo, dos residuos forestais de acordo cos procedementos regulamentarios que se establezan.
2. A eliminación dos residuos e lixos resultantes das obras, usos, servizos e aproveitamentos que poidan afectar ao monte.
3. O control fitosanitario consonte á normativa vixente de sanidade vexetal e ás disposicións desta lei.
4. A toma de medidas preventivas e de control respecto de calquera tipo de dano, nomeadamente, contra os incendios forestais.
5. A conservación ou restauración da biodiversidade e dos demais valores ambientais dos montes.
6. A conservación e o mantemento do solo natural e no seu caso da masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga.
7. O mantemento do uso forestal dos seus montes, agás resolución administrativa nos termos previstos nesta Lei.
8. A colaboración nas actividades de inspección e control da Administración sobre os montes.
9. A información á administración forestal da Comunidade Autónoma de Galiza de todos aqueles datos necesarios para conformar e actualizar o Rexistro Forestal de Galicia e para a formación da estatística forestal.

## **Capítulo III. Réxime xurídico dos montes protectores e montes de especial protección autonómica.**

### **Artigo 32. Declaración de montes protectores.**

1. Poderán ser declarados montes protectores aqueles montes ou terreos forestais de propiedade pública ou privada que presenten algunhas das seguintes características:
  - a. Os situados en cabeceiras de cuncas hidrográficas e aqueloutros que contribúan decisivamente á regulación do réxime hidrolóxico, evitando ou reducindo aludes, riadas e inundacións e defendendo poboacións, cultivos ou infraestruturas.
  - b. Os que se atopen nas áreas de actuación prioritaria para os traballos de conservación de solos fronte a procesos de erosión e de corrección hidrolóxico-forestal e, en especial, as dunas continentais.
  - c. Os que eviten ou reduzan os desprendementos de terras ou rochas e o aterramento de embalses e aqueles que protexan poboacións, cultivos e infraestruturas contra o vento.
  - d. Os que se atopen nos perímetros de protección das captacións superficiais e subterráneas de auga.

- e. Os que se atopen formando parte daqueles vales fluviais de interese ambiental por fortes pendentes, orientacións expostas, ou vexetación natural de interese, que se inclúan nun plan hidrolóxico ou se estime a súa importancia e valor pola Administración Forestal ou Ambiental.
  - f. Os que estean situados en áreas forestais declaradas de protección dentro dun Plan de Ordenación de Recursos Naturais ou dun Plan de Ordenación de Recursos Forestais de conformidade co disposto no artigo 31 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.
  - g. Os que poidan constituir vieiros ecolóxicos entre montes de interese ou con algunha figura de protección, a través de fondos de valgada, canellas, liñas de cumios e outras vías de comunicación natural, cos obxectivos de evitar o illamento de poboacións, fomentar a biodiversidade, crear e manter áreas cortalumes.
2. A declaración do monte como protector iniciárase de oficio o a instancia do seu titular e farase polo Consello da Xunta mediante decreto, previo o expediente no que serán oídos os propietarios e a entidade local onde radique. Igual procedemento seguirase para a desclasificación cando as circunstancias que determinaron a súa inclusión tiveran desaparecido.
  3. Regulamentariamente establecerase o procedemento de clasificación e desclasificación dos montes protectores.

### **Artigo 33. Declaración de montes de especial protección autonómica.**

1. O Consello da Xunta de Galiza, mediante decreto poderá declarar de especial protección autonómica os montes, de titularidade pública ou privada, que presenten algunha das seguintes características:
  - a. Os que contribúan á conservación da diversidade biolóxica, a través do mantemento dos sistemas ecolóxicos, a protección da flora e da fauna ou a preservación da diversidade xenética.
  - b. Os que constitúan ou formen parte de espazos naturais protexidos, áreas da Rede Natura 2000, reservas da biosfera ou outras figuras legais de protección, ou se atopen nas súas zonas de influencia, así como os que constitúan elementos relevantes da paisaxe.
  - c. Que estean incluídos dentro das zonas de alto risco de incendio conforme ao establecido no artigo 12 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
  - d. Os que presenten unha especial significación polos seus valores forestais.
  - e. Os que permitan obter materiais forestais de reprodución.
2. Na declaración dun monte como de especial protección autonómica, que poderá ser iniciada de oficio ou a instancia do seu titular, instruírase un expediente no que serán oídos os propietarios e a entidade local na que radique o monte. Igual procedemento seguirase para a desclasificación, cando as circunstancias que determinaron a súa inclusión desaparezan.
3. Regulamentariamente establecerase o procedemento de clasificación e desclasificación dos montes de especial protección autonómica.

#### **Artigo 34. Montes protectores e de especial protección autonómica de titularidade privada.**

1. A xestión destes montes corresponde aos seus propietarios, que deberán presentar á consellaría competente en materia de montes para a súa aprobación o correspondente instrumento de xestión forestal, no caso de non dispor do mesmo.
2. As limitacións que se establezan na xestión destes montes por razón das funcións medioambientais, de protección ou sociais que cumplan poderán ser compensadas economicamente nos termos previstos nesta Lei e nas disposicións que a desenvolvan.

#### **Capítulo IV. Réxime xurídico dos montes veciñais en man común.**

##### **Sección primeira: natureza.**

#### **Artigo 35. Natureza dos montes veciñais en man común.**

1. Os montes veciñais en man común teñen natureza especial derivada desta propiedade en común, suxeita ás limitacións de indivisibilidade, inalienabilidade, imprescriptibilidade e inembargabilidade.
2. Non están suxeitos a ningunha contribución de base territorial nin á cota empresarial da Seguridade Social.

#### **Artigo 36. Propiedade dos montes veciñais en man común.**

1. A propiedade dos montes veciñais en man común, con independencia da súa orixe, é de natureza privada e colectiva.
2. A titularidade dominical e aproveitamento, sen asignación de cotas, é da comunidade veciñal, entendida como o conxunto dos veciños titulares de unidades económicas con residencia habitual nas entidades de poboación ás que tradicionalmente estivese adscrito o aproveitamento do monte.

#### **Artigo 37. Condición de veciño comuneiro**

1. Terán a condición de veciños comuneiros aquelas persoas titulares de unidades económicas, produtivas ou de consumo, con casa aberta e residencia habitual independente, dentro da área xeográfica sobre a que se asente o grupo social ao que tradicionalmente estivese adscrito o aproveitamento do monte.
2. Os estatutos da comunidade veciñal poderán establecer un prazo mínimo de residencia para adquirir a condición de comuneiro, que, en ningún caso, poderá ser superior a un ano.
3. Non se poderá eximir o cumprimento do requisito de residencia habitual salvo causas xustificadas, e sen que a exención poida superar os dous meses en cada ano natural.
4. A acción para reclamar o recoñecemento da condición de comuneiro prescribe aos trinta anos.

5. A condición de comuneiro perderase desde o momento en que deixen de se cumprir os requisitos esixidos para a integración na comunidade veciñal ou polo incumprimento reiterado dos deberes estatutariamente establecidos. En todo caso, a perda desta condición deberá ser acordada pola asemblea xeral, tras a súa inclusión na orde do día, con expresión individualizada das persoas afectadas e sempre con audiencia destas.

### **Artigo 38. Capacidade xurídica da comunidade veciñal**

1. A comunidade de veciños propietaria dun monte veciñal en man común, composta polos veciños comuneiros que a integren en cada momento, ten plena capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins e a defensa dos seus dereitos sobre o monte e os seus aproveitamentos, así como sobre a súa administración e disposición, consonte ao disposto nesta Lei.
2. De extinguirse a comunidade veciñal titular por causas independentes da súa vontade, transitoriamente e ata que non se configure a nova Comunidade, estarase ao disposto no artigo 70 da presente Lei

### **Sección segunda: Aproveitamentos e actos de disposición.**

#### **Subsección primeira: Aproveitamentos do monte veciñal.**

### **Artigo 39. Aproveitamento e disfrute.**

1. O aproveitamento e disfrute dos montes veciñais en man común corresponde á comunidade veciñal titular do monte e realizarase consonte os instrumentos de xestión, as normas recollidas nos estatutos da comunidade veciñal, esta Lei e as disposicións que a desenvolvan.
2. Os rendementos do monte adicaranse, en todo ou en parte, e consonte ó disposto nos estatutos ou ó acordado na Asemblea Xeral, a obras ou servizos comunitarios con criterios de reparto proporcional entre os diversos lugares, a inversións no propio monte ou ao reparto en partes iguais entre todos os comuneiros. Os rendementos non individualizábeis repartiranse en partes iguais entre todos os comuneiros.
3. Na decisión sobre o destino dos rendementos respectarase sempre a cota de investimentos en mellora e protección do monte establecida nesta Lei.
4. Cando os aproveitamentos dos montes veciñais en man común sexan obxecto de gravame a execución só se poderá dirixir contra os aproveitamentos ou as rendas que se puidesen derivar da súa cesión feita consonte o disposto nesta Lei.

### **Artigo 40. Cota de investimentos en mellora e protección do monte.**

1. Os estatutos da comunidade veciñal titular do monte fixarán unha cota de investimentos de acordo co especificado no instrumento de xestión forestal e que, en ningún caso, será inferior ao trinta e cinco por cento dos rendementos económicos producidos polo monte. Esta cantidade sera destinada á mellora, protección, prevención e defensa contra

incendios, acceso e demais servizos forestais e ao cumprimento do instrumento de xestión, e en caso de non contar co devandito instrumento, á redacción do mesmo de xeito prioritario.

2. No caso de ingresos tales como expropiacións, actos de disposición, talas de madeira queimada ou calquera outro ingreso extraordinario, poderase xustificar un investimento inferior sempre e cando o monte estea ordeado, cumpra todos os requisitos legais establecidos pola Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e demais lexislación concurrente, e non precise traballos especiais derivados do feito que provocou o ingreso.
3. No primeiro trimestre de cada ano natural a comunidade veciñal titular do monte xustificará ante a consellaría competente en materia de montes a realización dos investimentos previstos de acordo co parágrafo anterior. A non presentación das contas anualmente impedirlle ser obxecto de subvencións en tanto non se rendan aquelas.

#### **Artigo 41. Lotes, sortes ou parcelas para o aproveitamento gandeiro e agrícola.**

1. A comunidade de veciños titular do monte, respectando os instrumentos de xestión forestal vixentes, poderá acordar que parte do monte se aproveitará de xeito individual, para usos gandeiros ou agrícolas por medio da distribución entre os veciños comuneiros de lotes, sortes ou parcelas cedidos temporalmente a título oneroso ou gratuíto e por períodos non superiores a cinco anos, sempre que a parte que se pretenda aproveitar de xeito individual non sexa inferior á unidade mínima de cultivo.
2. O acordo da asemblea no que conste o aproveitamento individual, xunto coa autorización da delegación provincial, no caso de que o aproveitamento supoña arroteamento de terreo forestal a pasteiro ou cultivo agrícola, debe ser inscrito no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común.
3. Os comuneiros que traballen conxuntamente baixo a fórmula de explotación comunitaria da terra terán preferencia na asignación de lotes contiguos.
4. Producirase a reversión inmediata do lote, sorte ou parcela e a volta á situación de aproveitamento colectivo cando o veciño ao que correspondía o devandito lote, sorte ou parcela o destinara a un uso diferente ou contraditorio do acordado pola comunidade veciñal titular do monte.
5. Rematado o período de cesión, a comunidade de veciños poderá facer un novo reparto ou decidir o aproveitamento común.
6. A distribución de lotes, sortes ou parcelas e as súas reversións quedarán documentadas por escrito no libro de actas da asemblea xeral.
7. A comunidade de veciños procurará que as parcelas cedidas estean correctamente xestionadas e que os criterios de reparto permitan atender a demanda de lotes polos que adquiren a condición de comuneiros tras a distribución.

#### **Subsección segunda: Actos de disposición.**



#### **Artigo 42. Actos de disposición en montes veciñais en man común.**

1. A administración forestal poderá dar carácter público a aqueles usos respectuosos co medio natural, sempre que se realicen sen ánimo de lucro e de acordo coa normativa vixente, en particular co previsto nos instrumentos de planificación e xestión aplicables, e cando sexan compatibles cos aproveitamentos, autorizacións ou concesións legalmente establecidos.
2. A administración forestal poderá autorizar aquelas actividades que non supoñan un uso privativo da propiedade veciñal mediante resolución da delegación provincial da consellaría de medio rural. No expediente garantirase a audiencia aos eventuais beneficiarios da ocupación ou servidume e á comunidade veciñal.
3. A administración forestal someterá a outorgamento de concesión todas aquelas actividades que impliquen unha utilización privativa dos montes veciñais, previo o expediente no que se acredite a súa compatibilidade coa persistencia dos valores naturais do monte. No expediente garantirase a audiencia aos eventuais beneficiarios da actividade e á comunidade veciñal.
4. Cando sexa preceptiva a obtención de autorización para o acto de disposición, e se constate que se iniciaron actuacións obxecto do acto dispositivo, sen prexuízo de que se incoe o oportuno procedemento sancionador, procederase a paralización inmediata da obra ou da actividade que se esté a desenvolver.
5. No procedemento que se siga para a obtención da autorización, cando esta sexa precisa, solicitarase polo órgano que tramite, certificación do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común, na que conste a situación do monte.
6. De estar o monte conveniado ou consorciado, será precisa a autorización da administración forestal con carácter previo.
7. Os actos de disposición inscribíranse no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común no prazo de dous meses dende o día seguinte ao da súa sinatura.

#### **Artigo 43. Cesión.**

1. Os montes veciñais en man común poderán ser obxecto de cesión temporal, en todo ou en parte, a título oneroso ou gratuito, logo da autorización da consellaría competente en materia de montes, para obras, instalacións, explotacións de diversa índole, servizos ou outros fins que redunden en beneficio directo da comunidade de veciños.
2. Para a emisión da autorización, deberá xustificarse pola comunidade o beneficio que obterá esta, e de ser exclusivamente económico como se vai destinar á mellora do monte ou ao establecemento de obras e servizos de interese xeral para a comunidade propietaria.
3. A cesión poderase establecer por un prazo máximo de trinta anos se é a favor de particulares, ou por tempo indefinido se é en beneficio de calquera das administracións

públicas cando sexa destinada a equipamentos a favor da propia comunidade, e mentres se manteña o fin para o que foi feita a cesión.

#### **Artigo 44. Ocupación e servidumes.**

1. Poderanse establecer ocupacións e servidumes, logo de expediente no que se acredite a súa compatibilidade co fin e a utilidade pública que califica o monte.
2. Regulamentariamente determinarase o procedemento a seguir para a autorización das ocupacións e do establecemento de servidumes, debendo elaborarse unha memoria, na que quede determinada a extensión puramente indispensable, a imposibilidade da súa localización fóra do monte e os danos e perdas que se poidan producir e que valorados, xustificarán o prezo da ocupación ou servidume. En todo caso, darase audiencia no expediente aos eventuais beneficiarios da ocupación ou servidume e á comunidade veciñal.
3. O consentimento da comunidade veciñal é necesario para autorizar ocupacións nos montes. Cando esta se opoña sen máis trámite, darase por concluído o procedemento.

#### **Artigo 45. Dereitos de superficie**

1. A comunidade de veciños propietarios poderá establecer dereitos de superficie con destino a instalacións ou edificacións, ata o prazo máximo de trinta anos, ou a cultivos agrícolas de dez anos, pasando a ela, ao caducalo o dereito, a propiedade de todo o instalado, edificado ou plantado, sen que se xere dereito a indemnización.
2. No caso de aproveitamentos forestais de arborado, a Comunidade non poderá concertar prazos superiores aos correspondentes a unha única quenda de especie plantada, nin para outra clase de aproveitamentos ca o da corta do arborado plantado.
3. A constitución deste dereito, que ten que formalizarse en escritura pública e inscribirse no Rexistro da Propiedade, será transmisible e susceptible de gravame, e rexerese polo título constitutivo do dereito, pola presente Lei e subsidiariamente, polas normas do Dereito Privado.
4. Se o dereito de superficie afectase só a unha parte do monte veciñal, deberase practicar a correspondente delimitación para os efectos de inscrición daquel dereito.
5. A comunidade comunicará a intención de celebrar o contrato, e as súas estipulacións a administración forestal, que poderá incluír ou modificar aquelas que considere necesarias para garantir a conservación e integridade do monte.

#### **Artigo 46. Expropiación forzosa.**

1. Os montes veciñais en man común poderán ser obxecto de expropiación forzosa por causa de utilidade pública ou interese social prevalente á do propio monte veciñal a medio de declaración expresa do Consello da Xunta de Galiza, logo de informe da consellaría competente en materia de montes e de audiencia ás comunidades de veciños afectadas. Regulamentariamente establecerase o procedemento de expropiación.

2. O importe das cantidades aboadas pola expropiación ou servidume haberá de destinarse á mellora do monte, ao cumprimento da lexislación de prevención e defensa contra os incendios forestais, ao establecemento de obras ou servizos de interese xeral da comunidade de veciños ou, na súa imposibilidade, ao reparto entre os comuneiros, de acordo co previsto nos estatutos ou co decidido pola comunidade.
3. De quedar o monte fóra da titularidade da comunidade veciñal, esta subsistirá para o exercicio dos dereitos que lle correspondan e como titular do eventual dereito de reversión.

#### **Artigo 47. Permutas.**

1. Será posíbel permutar terreos integrantes dun monte veciñal en man común por outros terreos limítrofes de valor similar cando razóns de utilidade pública ou interese social da comunidade veciñal o fagan necesario.
2. Para a realización das permutas será necesario a autorización da consellería competente en materia de montes sobre a similitude dos terreos permutados e a colindancia co monte veciñal dos terreos a permutar.
3. A comunidade veciñal titular do monte dará traslado da permuta ao Xurado de Montes Veciñais de Galiza e ao Rexistro de Montes Veciñais en Man Común.

#### **Artigo 48. Arrendamentos.**

1. Os montes veciñais en man común poderán ser arrendados total ou parcialmente sempre que a duración non supere os trinta anos e as melloras e instalacións incorporadas tras o arrendamento sexan propiedade da comunidade veciñal ao remate do aluguer, sen compensación algunha para o arrendatario.
2. A comunidade comunicará a intención de celebrar o contrato, e as estipulacións obxecto do mesmo, a administración forestal, que poderá incluír ou modificar aquelas que estime necesarias para garantir a conservación e integridade do monte.
3. Salvo pacto en contrario, o arrendatario poderá desistir do arrendamento notificándollo ao arrendador con máis de seis meses de antelación á data de finalización do ano agrícola. De facelo así o arrendatario non terá obriga de indemnizar.
4. O aluguer reconducirase tacitamente se polo menos seis meses antes do remate do contrato ningún dos contratantes notifica ao outro a vontade de concluír o aluguer. Os períodos de tácita recondución terán unha duración non superior á pactada inicialmente no contrato.
5. No demais o aluguer do monte suxeitarase á normativa vixente sobre arrendamentos rústicos.

#### **Artigo 49. Parzarías.**

A comunidade veciñal poderá subscribir contratos de parzarías respecto de todas ou algunha das parcelas do monte veciñal, respectando a normativa vixente sobre esta caste de contrato.

#### **Artigo 50. Reorganización da propiedade**

1. Poderán ser obxecto de reorganización da propiedade, consonte co disposto nos artigos 29 e 30 da Lei 3/2007, o monte veciñal en man común que cumpra os requisitos da normativa vixente.
2. No expediente de reorganización da propiedade e na súa resolución respectarase a superficie total e a capacidade produtiva e ambiental do monte.
3. Cando se proxecte levar a cabo unha concentración parcelaria que afecte a montes veciñais en man común realizarase consonte co disposto na lexislación galega que regula a materia, sendo necesario un informe preceptivo e vinculante da consellaría competente en materia de montes antes do inicio do proceso relativo á idoneidade da realización da reorganización da propiedade na superficie ocupada polo monte veciñal.

#### **Sección terceira: Clasificación dos montes veciñais en man común.**

##### **Artigo 51. Clasificación.**

A clasificación como monte veciñal en man común dos montes abertais, de voces, varas ou de fabeo realizarase polo Xurado de Montes Veciñais de Galiza na forma prevista nesta Lei e na súa normativa de desenvolvemento ou en virtude de sentenza firme ditada pola xurisdición ordinaria, segundo dispón o artigo 57 da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.

##### **Artigo 52. O Xurado de Montes Veciñais de Galiza.**

1. O Xurado de Montes Veciñais de Galiza é un órgano colexiado permanente da Comunidade Autónoma de Galiza, especializado en materia de montes en man común e no procedemento para a súa cualificación e declaración.
2. O Xurado de Montes Veciñais de Galiza estará adscrito á consellaría competente en materia de montes e actuará, no cumprimento das súas funcións, con autonomía funcional e sen estar sometido a instrucións xerárquicas.

##### **Artigo 53. Composición.**

1. A composición do Xurado de Clasificación de Montes Veciñais de Galiza é a seguinte:
  - a) Presidente: O Director Xeral de Montes.
  - b) Vogais:
    - i. Un letrado da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galiza designado polo seu Director Xeral.
    - ii. Un avogado designado polo Consello Xeral da Avogacía de Galiza.
    - iii. Un técnico con titulación forestal universitaria, designado polas organizacións colexiais galegas de Enxeñeiros de Montes e Enxeñeiros Técnicos Forestais.

- iv. Catro técnicos da consellaría competente en materia de montes.
  - v. Un representante do concello ou concellos onde estea ubicado o monte, elixido pola Federación Galega de Municipios e Provincias.
  - vi. Un representante das asociacións ou organizacións de comunidades de montes veciñais en man común da Comunidade Autónoma elixido de entre elas.
  - vii. Dous representantes da comunidade veciñal interesada na clasificación.
- c) Secretario: un funcionario da consellaría competente en materia de montes e con titulación de licenciado en dereito, que terá voz, mais non voto.
2. Regulamentariamente determinarase o réxime de suplencias dos membros titulares do xurado.

#### **Artigo 54. Organización e funcionamento.**

1. A organización do Xurado de Montes Veciñais de Galiza establecerase regulamentariamente.
2. O Xurado de Montes Veciñais de Galiza axustará o seu funcionamento ao disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, para os órganos colexiados.
3. As súas funcións administrativas e técnicas estarán a cargo do servizo da consellaría competente en materia de montes e serán determinadas regulamentariamente.

#### **Artigo 55. Procedemento de clasificación**

1. Os expedientes de clasificación de montes veciñais en man común iniciaranse de oficio pola consellaría competente en materia de montes ou por instancia de calquera veciño interesado, das comunidades veciñais interesadas ou do concello ou concellos onde estea situado o monte, e tramitaranse polo Xurado de Montes Veciñais de Galiza.
2. A iniciación do procedemento publicarase no *DOG* e por edictos no concello ou concellos concernidos.
3. A tramitación do procedemento non excederá dun ano dende a súa incoación, debendo notificarse aos interesados.
4. O procedemento rematará cunha resolución motivada na que se explicitarán os criterios tidos en conta para adoptala.
5. Transcorrido o prazo para ditar resolución expresa, caducará o procedemento de se ter iniciado de oficio e poderase entender desestimada a solicitude de clasificación de se ter iniciado a instancia do interesado.

#### **Artigo 56. A resolución firme de clasificación.**

1. A resolución firme de clasificación dun monte como veciñal en man común conterá a determinación da súa superficie, dos seus lindes e de ser o caso, o seu estado económico e xurídico; así como aquel outros requisitos necesarios para a súa inmatriculación no rexistro da propiedade, consonte ao disposto na lexislación hipotecaria. A esta resolución achegarase a planimetría axeitada, con datos descritivos precisos, que permita a debida identificación do monte e máis a súa incorporación ao Catastro.
2. A consellaría competente en materia de montes realizará a sinalización do monte.
3. O Xurado remitirá testemuño da resolución administrativa de clasificación, logo de ser firme en vía administrativa, ao rexistro da propiedade que corresponda, para os efectos da anotación preventiva desta clasificación. Este testemuño haberá cumprir os requisitos que esixe a lexislación hipotecaria para a súa inscrición.
4. A resolución firme de clasificación producirá os seguintes efectos:
  - a. Atribúe a propiedade á comunidade veciñal mentres non exista sentenza xudicial firme en contra.
  - b. Serve de título inmatriculador para inscribir o monte no rexistro da propiedade, para excluílo dos catálogos de montes de utilidade pública e dos inventarios de bens municipais, e asemade, para resolver sobre as inscricións total ou parcialmente contraditorias que resulten afectadas.
  - c. A exención dos impostos sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, e a gratuidade da primeira inscrición do monte e as cancelacións que se produzan por este motivo, de acordo co artigo 13 da Lei 55/1980, de 11 de novembro, de montes veciñais en man común.

#### **Artigo 57. Impugnación das resolucións do Xurado de Montes Veciñais de Galiza.**

As resolucións do Xurado de Montes Veciñais de Galiza, esgotan a vía administrativa e poderán ser obxecto de recurso de reposición con carácter potestativo, perante o propio Xurado, ou ben ser impugnadas directamente na xurisdicción contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

#### **Sección cuarta: Deslindamento dos montes veciñais en man común**

##### **Artigo 58. Procedemento.**

Os deslindamentos de montes veciñais en man común poderán realizarse en dúas fases. A primeira actuará sobre as partes do perímetro lindante con outros montes veciñais en man común, e a segunda ocuparase das partes do perímetro lindantes con montes públicos ou propiedades particulares.

##### **Artigo 59. Deslindamento con outros montes veciñais en man común.**

1. Os perímetros lindantes con outros montes veciñais en man común poderán ser obxecto de deslindamento provisional polas comunidades propietarias.

2. Logo de ratificado o deslindamento provisional previsto no apartado anterior polas asembleas xerais de cada unha das comunidades afectadas, darase traslado dos acordos alcanzados, e da documentación que regulamentariamente se indique, á administración forestal que ditará resolución aprobatoria do deslindamento. Esta resolución publicarase no *DOG* e notificarase debidamente aos interesados.
3. Unha vez publicada e notificada a resolución darase traslado da mesma ao Xurado de Montes Veciñais de Galiza que, se fose necesario, fará a oportuna toma de razón.
4. Os desacordos entre comunidades propietarias de montes veciñais en man común no procedemento de deslindamento provisional contemplado nos parágrafos anteriores dará lugar a unha arbitrase da administración forestal que en caso de non ser aceptada por ambas partes, implicará, aos efectos de aplicación da presente Lei, que se declare un conflito de propiedade, que deberá ser resolto pola vía civil.
5. Nos procedementos de deslindamento realizados pola administración forestal con posterioridade á súa clasificación como monte veciñal en man común, en caso de disconformidade por parte das comunidades afectadas polo deslindamento, declararase, asimesmo, a existencia dun conflito de propiedade, a resolver na vía civil correspondente.
6. A consellaría competente en materia forestal habilitará liñas de axudas específicas para a realización de deslindamentos provisionais entre comunidades de montes veciñais

#### **Artigo 60. Deslindamentos con propiedades particulares ou montes públicos**

1. A administración realizará deslindamentos de montes veciñais en man común con propiedades particulares ou montes públicos, segundo o procedemento establecido para estes últimos.
2. No deslindamento de perímetros con propiedades particulares analizaranse as situacións posesorias acreditadas e os títulos presentados, e teranse en conta todos os inscritos no rexistro da propiedade.
3. Unha vez realizado o deslindamento, a administración forestal ditará resolución aprobatoria do deslindamento que será publicada no *DOG* e debidamente notificada aos interesados.
4. Unha vez publicada e notificada a resolución darase traslado da mesma ao Xurado de Montes Veciñais de Galiza.

#### **Artigo 61. Colocación de marcos.**

Firme en vía administrativa o acordo aprobatorio de deslindamento, e a reserva do que puidera resultar dun xuízo declarativo de propiedade, procederase á colocación de marcos no monte.

#### **Sección quinta: Organización das comunidades de montes veciñais en man común.**

#### **Artigo 62. Asemblea xeral de comuneiros.**

1. A Asemblea Xeral, da que forman parte todos os comuneiros, é o órgano supremo de expresión da vontade da comunidade veciñal.
2. Teñen dereito a asistir ás asembleas xerais todos os comuneiros que cumpran coas obrigas establecidas nos estatutos da comunidade. Todo comuneiro está obrigado a asistir ás asembleas xerais ordinarias ou extraordinarias que regulamentariamente se convoquen.
3. A Asemblea Xeral ordinaria será convocada unha vez ao ano e sempre dentro dos seis meses seguintes á data de peche do exercicio económico. Con carácter extraordinario, poderá convocarse Asemblea Xeral a iniciativa do presidente da Xunta Reitora ou a petición dun mínimo do vinte por cento dos comuneiros.
4. A Asemblea Xeral quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando estean presentes ou representados máis da metade dos comuneiros e en segunda convocatoria cando estea polo menos un trinta por cento destes. Entre a primeira e a segunda convocatoria haberá de transcorrer un mínimo dunha hora.
5. A convocatoria de Asemblea Xeral farase cun mínimo de dez días de antelación, mediante notificación escrita a todos os comuneiros e coa orde do día dos asuntos a tratar, e estará exposta durante o mesmo prazo nos taboleiros de anuncios do concello, así como nos lugares de costume da entidade onde radique a comunidade.
6. Para asistir á Asemblea Xeral, un comuneiro poderá delegar a súa representación noutro comuneiro, mais ningún comuneiro poderá asumir máis dunha delegación. En todo caso, a delegación haberá de ser expresa para cada Asemblea Xeral.

#### **Artigo 63. A Xunta reitora.**

1. A Xunta Reitora é o órgano de goberno, xestión e representación da comunidade. Estará composta por un presidente, que exercerá a representación legal da comunidade, e o número de vogais que sinalen os estatutos, sen que en ningún caso poidan ser menos de dous, un dos cales actuará como secretario e outro como tesoureiro.
2. A Xunta Reitora será elixida pola Asemblea Xeral en votación por maioría simple e por un período máximo de catro anos.
3. Cando o número de comuneiros, ou a non presentación de candidatos, non permita a constitución da Xunta Reitora, consonte ao establecido neste artigo, asumirá as súas funcións a Asemblea Xeral da comunidade de veciños.

#### **Artigo 64. Mancomunidades de montes veciñais en man común.**

1. As comunidades de veciños, logo de acordo da asemblea xeral, poderán mancomunarse para a mellor defensa dos seus intereses e consecución dos seus obxectivos
2. O acordo polo que se constituía esa mancomunidade será comunicado ao Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común, por quen teña a representación da mancomunidade.



3. Regulamentariamente establecerase o procedemento de constitución e funcionamento das Mancomunidades

#### **Artigo 65. Estatutos da comunidade**

1. A comunidade de veciños propietaria redactará e aprobará os estatutos, que haberán de recoller os usos e costumes polos que se viña rexendo a comunidade e as previsións desta Lei, e conterán como mínimo os seguintes aspectos:
  - a. A atribución da condición de comuneiro.
  - b. A representación por casa, e a delegación entre comuneiros.
  - c. As condicións de admisión de novos comuneiros.
  - d. O xeito de exercitar os dereitos derivados da condición de comuneiros.
  - e. As obrigas dos comuneiros relacionadas co funcionamento da comunidade e sobre a custodia, defensa e conservación do monte.
  - f. Os órganos aos que se atribúe o goberno e administración, modo de nomealos, substituílos e funcións que lles corresponden.
  - g. A porcentaxe de reserva en rendementos económicos para investimentos en melloras e protección do monte, respectando o mínimo disposto nesta Lei.
  - h. Criterios aos que se han de suxeitar os diversos aproveitamentos do monte.
2. Os estatutos e as súas modificacións empezarán a surtir efecto ao día seguinte da súa aprobación, remitíndose unha copia, para os efectos do seu coñecemento, ao Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

#### **Artigo 66. Defensa dos intereses comunais.**

Calquera comuneiro poderá defender os intereses da comunidade debendo serlle reintegrados os gastos que lle ocasione tal defensa, sempre que prosperen as súas pretensións ou os mesmos sexan aprobados posteriormente pola Asemblea Xeral.

#### **Artigo 67. Réxime de maiorías.**

1. A aprobación, reforma ou revogación dos estatutos, así como os acordos referidos a actos de disposición corresponden á Asemblea Xeral, requirindo a convocatoria expresa e o voto favorábel de dous tercios dos votos co quórum establecido no artigo 63.4.
2. Para a aprobación da xestión e balance do exercicio económico, aproveitamentos e actos de administración en xeral será suficiente a maioría simple de membros partícipes, salvo que nos estatutos se esixa outra maioría.

#### **Artigo 68. Xunta provisional.**

1. No entanto non existan órganos de goberno, unha Xunta provisional exercerá as facultades que a estes correspondan.
2. A Xunta Provisional, constituirase no prazo de tres meses desde que a resolución de clasificación do monte veciñal adquira firmeza. No caso de que transcorrido este prazo non se tivese constituído, os órganos provinciais da consellaría competente en materia

de montes, convocarán unha reunión para a súa constitución no prazo doutros tres meses.

3. Esta Xunta provisional comporase, como mínimo, dun presidente e dous vogais, elixidos de entre os comuneiros e por eles, dando conta da súa composición ao Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.
4. A Xunta provisional terá a representación da comunidade e impulsará a redacción e aprobación dos estatutos ou, no seu caso, a elección dos órganos de goberno. Confeccionará, se non existise, a lista provisional de veciños comuneiros.
5. As xuntas provisionais terán un prazo máximo dun ano para a redacción do proxecto de estatutos da comunidade.
6. A Xunta provisional encargárase da xestión e administración do monte veciñal, podendo autorizar, por razóns de urxencia ou interese xeral, actos de administración de contía económica non superior a seis mil euros en total.
7. O mandato da Xunta provisional finalizará sempre coa aprobación dos estatutos.
8. Transcorrido un ano desde a constitución da xunta provisional e persistindo as circunstancias sinaladas no apartado 1 deste artigo, procederáse a unha nova elección.

#### **Artigo 69. Situacións transitorias por extinción ou desaparición da comunidade veciñal.**

1. En situacións xurídicas de pendencia por extinción ou desaparición da comunidade de veciños titular do monte, a defensa dos seus intereses e a regulación do aproveitamento do monte corresponde á consellaría competente en materia de montes, en tanto non se constituía a nova organización da comunidade veciñal. Nestes casos a Administración exercerá a xestión cautelar, segundo dispoña o instrumento de xestión e en caso de non existir este, instarase a súa elaboración e aprobación como primeira medida por parte da Administración.
2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, a consellaría competente en materia de montes poderá exercer a xestión cautelar prevista no apartado anterior, de maneira directa ou indirecta, utilizando os medios legais que estime máis oportunos. Os rendementos netos, por medio desta xestión, orixinados pola explotación do monte serán investidos na súa mellora e na prevención e defensa contra incendios de acordo coa lei 3/2007 ou, en todo caso, nos montes públicos. A Administración forestal estará obrigada a publicar anualmente no *DOG* a conta de resultados de dito monte.
3. Para o reinicio da actividade da Comunidade extinguida ou desaparecida deberanse cumprir os seguintes requisitos :
  - a. Presentación de solicitude por parte dunha Xunta Provisional do monte veciñal.
  - b. Acreditación da existencia dunha comunidade veciñal formada por comuneiros de pleno dereito e elección dunha Xunta Provisional consonte co disposto nesta Lei a respeito dos orgaos das comunidades veciñais.
  - c. Compromiso notarial da Xunta Provisional de asunción do estado contable do monte e do instrumento de xestión forestal vixente, que de non existir, deberá ser elaborado e aprobado pola consellaría competente en materia forestal.
  - d. No caso de que, como consecuencia da extinción da comunidade veciñal, a Administración forestal adxudicara con anterioridade, mediante o correspondente concurso público, a xestión e explotación do monte a outra

entidade, o reinicio da actividade solicitada pola Xunta Provisional non será posible ata o remate do prazo correspondente á quenda máis longa de explotación madeirabel especificada no instrumento de xestión forestal do monte, ou ata o prazo de 10 anos para o resto de explotacións ou actividades, salvo acordo entre as partes.

## **Sección sexta: Competencias da Administración da Comunidade Autónoma.**

### **Artigo 70. Funcións.**

1. A consellaría competente en materia de montes dará aos montes veciñais de man común, xunto con outras figuras de xestión conxunta da propiedade, carácter preferente nas súas actuacións de fomento e mellora do monte, e na concesión de axudas económicas para as mesmas finalidades suxeitas a plans de viabilidade económica e ao cumprimento dos instrumentos de xestión.
2. A dita consellaría, ademais das funcións especificamente sinaladas nesta lei, desenvolverá as seguintes funcións:
  - a. Promover a marcaxe dos lindes entre os montes veciñais.
  - b. Procura da súa conservación e integridade dos valores naturais e do uso veciñal deste tipo propiedade.
  - c. Impulso e promoción do aproveitamento do monte.
  - d. Asesoramento técnico ás comunidades veciñais.
  - e. Labores de gardería forestal.
  - f. Coidar do cumprimento do disposto nesta lei e na normativa que a desenvolva, aplicando as medidas correctoras e sancionadoras establecidas legalmente.
  - g. Subscribir convenios ou contratos de xestión dirixidos a un mellor aproveitamento do monte veciñal.
  - h. Defensa e xestión en caso de grave abandono ou extinción da comunidade veciñal.

### **Artigo 71. Estado de grave abandono ou degradación.**

1. O monte veciñal en man común entenderase en estado de grave abandono ou degradación se de modo manifesto se produce un incumprimento grave e sistemático das obrigas legais e estatutarias polos órganos representativos da comunidade veciñal, sofre un grave deterioro medioambiental, non é xestionado consonte aos instrumentos de xestión forestal en vigor ou padece unha extracción abusiva dos seus recursos.
2. A consellaría competente en materia de montes é competente para declarar por razóns de utilidade pública e interese xeral o estado de grave abandono ou degradación.
3. A consellaría competente en materia de montes establecerá regulamentariamente e con carácter periódico os indicadores obxectivos que sirvan para a determinación do estado de grave abandono ou degradación dos montes atendendo fundamentalmente aos seguintes criterios:
  - a) Grao de incumprimento do funcionamento estatutario ou das obrigas legais pola comunidade veciñal de acordo con esta lei.

- b) A superficie relativa afectada.
  - c) O grao de incumprimento dos instrumentos de xestión forestal de acordo con esta lei.
  - d) O grao de manifesto desuso.
  - e) O carácter depredador das actividades extractivas dos recursos.
  - f) O perigo manifesto de degradación do solo.
  - g) A importancia medioambiental das formacións forestais degradadas.
  - h) Calquera outro criterio que, no seu momento e de maneira xustificada, poida establecer a administración competente en materia forestal.
4. Declarado un monte en estado de grave abandono ou degradación, a consellaría competente en materia de montes, en exercicio dos dereitos que lle outorga o artigo anterior desta lei, asumirá a xestión directa ou indirecta deste monte. A Administración forestal estará obrigada a publicar anualmente no *DOG* a conta de resultados do devandito monte que deberá ser comunicada á comunidade veciñal para o seu coñecemento.
5. A reversión da xestión do monte á comunidade veciñal poderase verificar, previa solicitude, cando se cumpran os seguintes requisitos:
- a) Acreditación da existencia dunha comunidade veciñal formada por comuneiros de pleno dereito e elección dunha Xunta Reitora ou Xunta Provisional consonte co disposto nesta Lei.
  - b) Compromiso notarial da Xunta Provisional de asunción do estado contable do monte e do instrumento de xestión forestal vixente, ou de non habelo, de elaborar un que deberá ser aprobado pola consellaría competente en materia forestal.
  - c) No caso de que a xestión e explotación do monte fose adxudicada con anterioridade pola Administración a outra entidade, seguindo o procedemento indicado no parágrafo 4 deste artigo, a reactivación da Comunidade Veciñal solicitada pola Xunta Provisional non será posible ata o remate do prazo correspondente á quenda máis longa de explotación madeirábel especificada no instrumento de xestión forestal do monte, ou ata o prazo de 10 anos para o resto de explotacións ou actividades, salvo acordo entre as partes.
6. Os beneficios que se poidan obter neste período, unha vez deducidos os gastos e investimentos na xestión e mellora do monte, serán investidos pola Consellaría competente en materia forestal en montes de xestión pública. Os procedementos para a declaración de grave abando ou degradación así como o de reversión á comunidade veciñal serán establecidos mediante a correspondente normativa regulamentaria.

### **Título III. Da planificación e da xestión forestal sustentábel.**

#### **Capítulo I: Información forestal.**

#### **Artigo 72. Inventario Forestal da Comunidade Autónoma de Galiza.**

1. A Consellaría competente en materia de montes elaborará e manterá actualizado o Inventario Forestal da Comunidade Autónoma de Galiza, que conterá a información básica para a elaboración dos instrumentos de planificación forestal.
2. O Inventario Forestal de Galiza farase cunha periodicidade adecuada ás necesidades do sector forestal galego, e non será superior a 5 anos.
3. O Inventario Forestal da Comunidade Autónoma de Galiza estruturarase nos seguintes bloques:
  - a. Inventario estatístico, descritivo e sintético referido a superficies, existencias, crecemento, calidade e estado de conservación.
  - b. Caracterización do territorio forestal galego considerando os seus atributos físicos e medioambientais, con especial atención á Rede Natura 2000, á Rede galega de espazos naturais protexidos, aos montes protectores, aos montes de especial protección autonómica e aos montes veciñais en man común.
  - c. O inventario de áreas recreativas nos montes públicos.
  - d. Seguimento e evolución dos montes, con especial atención aos incendios forestais.
  - e. Aspectos xurídico-administrativos: titularidade dos montes incluídos no Catálogo de Montes de Utilidade Pública, mancomunidades, agrupacións de propietarios, proxectos de ordenación, instrumentos de xestión ou planificación vixentes.
  - f. Actividades: repoboacións, aproveitamentos, actividades industriais forestais e outras actividades forestais.
  - g. Análise da produtividade de cada monte sobre a base das súas características medioambientais.
  - h. Inventario de erosión de solos, que incluírá os montes susceptíbeis de ser rexenerados ou reforestados.
  - i. Zonas baixo certificación dos indicadores de xestión forestal sostible.
  - j. Hortos sementeiros, rodais selectos e demais zonas de aportación de material de base dos recursos xenéticos.
  - k. Calquera outro que a xuízo da consellaría competente en materia de montes se considere de interese.

#### **Artigo 73. Estatística Forestal Anual Galega.**

1. A consellaría competente en materia de montes elaborará anualmente a Estatística Anual Forestal Galega, que incluírá as seguintes materias:
  - a. Inventario Forestal da Comunidade Autónoma de Galiza.
  - b. Relación de montes con instrumentos de ordenación aprobados pola administración forestal ou en trámite de aprobación.
  - c. Incendios forestais.
  - d. Diversidade biolóxica dos montes galegos.
  - e. Evolución da cabana gandeira nos montes galegos.
  - f. Evolución dos prezos da madeira e doutros produtos forestais.
  - g. Percepción social dos montes.

- h. Calquera outra materia a xuízo da consellaría competente en materia de montes.
- 2. Toda a información da Estatística Forestal Anual Galega ten carácter público. O seu acceso realizarase de conformidade coa normativa de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común que sexa de aplicación.
- 3. Co fin de elaborar a Estatística Forestal Anual Galega, terán a obriga de subministrar á consellaría competente en materia de montes os datos relativos á súa actividade, e en particular sobre o consumo, produción, transformación e comercialización dos produtos forestais e o emprego, as seguintes persoas e entidades:
  - a. Os produtores forestais e as súas organizacións.
  - b. As empresas de servizos, as de aproveitamentos e as industrias de primeira transformación forestais, incluíndo as industrias de pasta de papel e de taboleiros.
  - c. Gandeiros que sexan usuarios de terreos forestais.
- 4. A consellaría competente en materia forestal impulsará a elaboración de estudos que permitan coñecer a realidade e a evolución socioeconómica dos propietarios forestais, os particulares e as comunidades de montes veciñais.
- 5. A consellaría competente en materia forestal remitirá ao Ministerio de Medio Ambiente, antes do terceiro cuadrimestre de cada ano, a información estatística forestal elaborada o ano anterior.

## **Capítulo II. Da planificación territorial forestal.**

### **Sección primeira: Estratexia Galega de Xestión Forestal Sustentábel.**

#### **Artigo. 74. Estratexia Galega de Xestión Forestal Sustentábel.**

- 1. A Estratexia Galega de Xestión Forestal Sustentábel é o instrumento que estrutura os obxectivos, principios e liñas de acción que guiarán a xestión forestal dos montes galegos en consonancia cos principios de xestión forestal sustentábel acordados a nivel estatal e internacional.
- 2. A consellaría competente en materia de montes está facultada para a elaboración da devandita Estratexia consonte ós principios que a inspiran.
- 3. Os obxectivos e directrices que conteña a Estratexia Galega de Xestión Forestal Sustentábel serán vinculantes e determinarán o Plan Forestal de Galiza, os plans de ordenación dos recursos forestais, os instrumentos de xestión e as actuacións das distintas administracións públicas con competencias en materia forestal e de ordenación do territorio.

#### **Artigo 75. Criterios da Estratexia Galega de Xestión Forestal Sustentábel**

Á vista dos principios que inspiran a presente Lei, a Estratexia Galega de Xestión Forestal Sustentábel elaborárase tendo en conta os seguintes criterios:

1. A función produtiva do monte galego, tanto de produtos madeireiros como non madeireiros, establecendo as áreas forestais xestionadas con criterios de sustentabilidade e o balanço entre medra e cortas.
2. Os aspectos socio-económicos, avaliando a incidencia do sector forestal no emprego, potenciando a participación e concienciación pública, a investigación e a educación, así como os servizos recreativos e valores culturais.
3. Os recursos forestais e ciclos globais do carbono, atendendo ás masas en crecemento e á capacidade total da súa almacenaxe nos terreos forestais.
4. A saúde e vitalidade forestal, establecendo o nivel de defoliación, contaminantes atmosféricos, relación de danos, balanço de nutrientes e acidez do solo.
5. As funcións protectoras do bosque galego, avaliando a erosión do solo, as medidas de protección xeral e a conservación da auga.
6. A potenciación da diversidade biolóxica, inventariando as especies ameazadas, o nivel de protección xeral, os ecosistemas singulares e o grao de biodiversidade nos bosques produtivos.

#### **Artigo 76. Obxectivos da Estratexia Galega de Xestión Forestal Sustentábel.**

Os obxectivos da Estratexia Galega de Xestión Forestal Sustentábel son os seguintes:

1. Xeneralización das boas prácticas nas actividades forestais con criterios de xestión sustentábel que redunden na obtención de produtos de calidade, na integración multifuncional do monte e na valorización da biomasa forestal primaria.
2. Inventariación periódica dos recursos forestais como ferramenta de avaliación da xestión forestal sustentábel.
3. Implementación de medidas que solucionen as desviacións non acordes coa xestión forestal sustentábel nos temas relativos á erosión, esgotamento do solo, degradación dos recursos hídricos, saúde vexetal, biodiversidade, proliferación de especies invasoras e cultivos agresivos e perda de emprego no medio rural.

#### **Artigo 77. Control do cumprimento da Estratexia Galega de Xestión Forestal Sustentábel.**

Corresponde á Consellaría competente en materia forestal o control do cumprimento dos obxectivos da Estratexia Galega de Xestión Forestal Sustentábel. Este control realizarase mediante os datos periódicos resultantes da elaboración da Estatística Forestal Anual Galega e do Inventario Forestal de Galiza, nos que se reflectirán os resultados da devandita estratexia sobre o territorio.

### **Sección segunda: Planificación Forestal de Galiza**

#### **Artigo 78. Instrumentos de planificación forestal.**

Son instrumentos de planificación forestal o Plan Forestal de Galiza e os plans de ordenación dos recursos forestais.

#### **Artigo 79. Obxectivos dos instrumentos de planificación forestal.**

Os instrumentos de planificación forestal teñen por finalidade a consecución dos seguintes obxectivos:

1. O desenvolvemento multifuncional do monte galego.
2. O incremento da produción forestal de calidade.
3. A consolidación dun Sistema de Xestión da Biomasa Forestal Residual e dos cultivos enerxéticos.
4. A implantación das medidas de protección ambiental e certificación forestal.
5. A sanidade vexetal dos montes.
6. A conservación e mellora dos materiais xenéticos de reprodución.
7. O fomento efectivo da biodiversidade nos plans de restauración, forestación e reforestación, dedicando unha especial atención ás frondosas caducifolias e outras variedades autóctonas.
8. O fomento da Participación social.
9. A limitación da división da propiedade e fomento da agrupación a través das Unidades de Xestión Forestal.
10. A implementación da planificación de prevención e defensa contra incendios forestais de acordo coa Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

#### **Artigo 80. Plan Forestal de Galiza.**

1. O Plan Forestal de Galiza é o instrumento básico de referencia da política forestal galega a longo prazo, no que se deseña a política forestal autonómica, e se establecen as directrices, programas, medios, investimentos, fontes de financiamento e fases de execución da política forestal, así como os mecanismos de seguimento e avaliación necesarios para o seu cumprimento.
2. O Plan Forestal de Galiza redactarase de acordo coa Estratexia Galega de Xestión Forestal Sustentábel, que tamén se terá en conta tamén nas revisións e modificacións do devandito Plan.
3. O Plan Forestal de Galiza terá unha vixencia de 20 anos e poderá ser revisado segundo os mecanismos establecidos no devandito Plan.

#### **Artigo 81. Contido do Plan Forestal de Galiza.**

O contido básico do Plan Forestal de Galiza comprenderá as accións destinadas a:

1. Á forestación, a restauración das cubertas vexetais e a protección forestal fronte a erosión.
2. Á protección hidrolóxico-forestal.
3. Á defensa dos montes contra incendios e pragas forestais.
4. Ao uso público recreativo e a extensión forestal.
5. Á investigación ecolóxico-forestal.
6. Á industrialización e axeitada comercialización dos produtos forestais.
7. Á definición das ferramentas para o financiamento dos custos previsíbeis das accións programadas.



8. Á participación social e o desenvolvemento económico.
9. Á conservación e mellora dos recursos xenéticos forestais.
10. Á mellora da rendibilidade dos montes e ó agrupamento e reorganización das propiedades.

#### **Artigo 82. Elaboración, revisión e modificación do Plan Forestal de Galiza.**

1. A consellaría competente en materia de montes elaborará o Plan Forestal de Galiza, que será aprobado polo Consello da Xunta, logo do informe do Consello Forestal de Galiza.
2. Na elaboración do Plan, co fin de propiciar a maior participación social, serán consultadas as entidades locais a medio dos seus órganos de representación, os propietarios forestais privados, as entidades representativas de montes veciñais en man común, e os demais axentes sociais e institucionais interesados. A estes efectos, establecerase un trámite de información pública conforme ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.
3. A revisión do Plan implicará a aplicación de novos criterios básicos de política forestal e levarase a cabo sempre que sexa preciso implantar, por circunstancias sobrevidas, un modelo distinto de ordenación forestal. O procedemento de revisión será o mesmo que o de elaboración.
4. As alteracións que non afecten aos caracteres esenciais que se sinalan no artigo anterior consideraranse simples modificacións e poderán ser realizadas directamente pola consellaría competente en materia de montes, dando conta da súa execución ao Consello da Xunta.
5. Nos prazos que fixe o propio Plan, deberá avaliarse o seu grao de execución e, de se considerar pertinente, tramitar as oportunas modificacións.

#### **Artigo 83. Eficacia vinculante do Plan Forestal de Galiza.**

1. Os obxectivos e directrices que conteña o Plan Forestal de Galiza serán vinculantes e determinarán os plans de ordenación dos recursos forestais, os instrumentos de xestión e as actuacións dos distintos departamentos da Administración Autónoma e Local con competencias en materia forestal e de ordenación do territorio.
2. A consellaría competente en materia de montes establecerá liñas de axuda técnica e económica para o cumprimento dos fins contidos no dito plan.

#### **Artigo 84. Obras necesarias para executar o Plan Forestal de Galiza.**

Declararanse de utilidade pública ou interese social, para os efectos de expropiación forzosa dos terreos, as obras necesarias para a execución do Plan Forestal de Galiza, incluídas as de plantación, vías de saca e servizos, puntos de auga e encoros.

#### **Artigo 85. Plans de ordenación dos recursos forestais.**

1. A consellaría competente en materia de montes, atendendo ao establecido no Plan Forestal de Galiza, poderá elaborar Plans de Ordenación dos Recursos Forestais como instrumentos de planificación forestal, que afectarán a un territorio de similares condicións xeográficas, socioeconómicas, ecolóxicas, culturais ou paisaxísticas homoxéneas.
2. Os Plans de Ordenación dos Recursos Forestais serán redactados por un equipo técnico multidisciplinar, dirixido por un técnico con titulación forestal universitaria. O devandito equipo multidisciplinar contará cando menos con técnicos coas súas respectivas formacións universitarias nas materias agrícola, de ordenación do territorio, medioambiental e xurídica.
3. Os Plans de Ordenación de Recursos Forestais serán aprobados polo Consello da Xunta mediante decreto, tras a consulta ao Consello Forestal de Galiza, aos representantes do sector forestal e das entidades locais e a outros colectivos usuarios con intereses no monte. A aprobación destes plans incluírá o trámite de información pública, que durará como mínimo un mes e como máximo dous meses, a medio de anuncio que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* e en dous dos xornais de maior difusión do ámbito de aplicación do plan. Ao mesmo tempo que o trámite de información pública, a consellaría competente en materia de montes recabará das administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios, que deberán ser emitidos no prazo dun mes, agás que a lexislación sectorial sinala outro prazo. Transcorrido este prazo sen que se comunique o informe recabado, poderá continuarse o procedemento de aprobación do plan.
4. O contido destes plans será obrigatorio e directamente executivo. Os Plans poderán conter recomendacións de carácter indicativo respecto doutras actuacións, plans ou programas sectoriais.
5. Regulamentariamente desenvolverase o contido dos Plans de Ordenación dos Recursos Forestais, que como mínimo especificarán:
  - a. Delimitación do ámbito territorial e caracterización do medio físico e biolóxico.
  - b. Descrición e análise dos montes e as paisaxes existentes nese territorio, os seus usos e aproveitamentos actuais, en particular os usos tradicionais, así como as figuras de protección existentes, incluíndo as vías pecuarias.
  - c. Aspectos xurídico-administrativos: titularidade, montes catalogados, mancomunidades, agrupacións de propietarios, proxectos de ordenación ou outros instrumentos de xestión ou planificación vixentes.
  - d. Características socioeconómicas: demografía, dispoñibilidade de man de obra especializada, taxas de paro, industrias forestais, incluídas as dedicadas ao aproveitamento enerxético da biomasa forestal e as destinadas ao desenvolvemento do turismo rural.
  - e. Zonificación por usos e vocación do territorio. Obxectivos, compatibilidades e prioridades.
  - f. Planificación das accións necesarias para o cumprimento dos obxectivos fixados no plan, incorporando as previsións de repoboación, restauración hidrolóxico-

forestal, prevención e extinción de incendios, regulación de usos recreativos e ordenación de montes, incluíndo, cando proceda, a ordenación cinexética, pascícola e micolóxica.

- g. Establecemento do marco no que poderán subscribirse acordos, convenios e contratos entre a Administración e os propietarios para a xestión dos montes.
  - h. Establecemento das directrices para a ordenación e aproveitamento dos montes, garantindo que non se poña en perigo a persistencia dos ecosistemas e se manteña a capacidade produtiva dos montes.
  - i. Criterios básicos para o control, seguimento, avaliación e prazos para a revisión do plan.
6. Os plans de ordenación dos recursos naturais ou plan equivalente consonte á Lei 42/2007, de 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, que comprenda o territorio forestal delimitado por un Plan de Ordenación dos Recursos Forestais poderán ter carácter deste último, sempre que contén co informe favorábel da consellaría competente en materia de montes, nos termos previstos no artigo 31.8 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes.

### **Capítulo III. Da xestión e ordenación forestal sustentábel.**

#### **Artigo 86. Criterios de xestión.**

Os montes deben ser xestionados de forma sustentábel, integrando os aspectos ambientais, sociais e económicos, coa finalidade de conservar o medio natural ao tempo que xerar emprego e colaborar ao aumento da calidade de vida e expectativas de desenvolvemento da poboación rural.

#### **Artigo 87. Ordenación dos montes.**

1. A ordenación de montes supón a organización, tecnicamente xustificada, dos recursos forestais e todos os aproveitamentos do monte recollida nun documento denominado instrumento de xestión forestal. Neste documento establécense as accións a executar en cada tesela, na procura dos principios contidos nunha axeitada xestión forestal sustentábel.
2. A administración forestal impulsará técnica e economicamente a ordenación dos montes da Comunidade Autónoma de Galiza.
3. Os montes públicos e privados deberán dotarse dun instrumento de xestión forestal.

#### **Artigo 88. Instrucións xerais de ordenación e aproveitamento de montes.**

1. A consellaría competente en materia de montes elaborará as instrucións xerais de ordenación e aproveitamento dos montes de Galiza.
2. As instrucións xerais de ordenación e aproveitamento conterán os principios rectores da planificación e xestión dos montes da Comunidade Autónoma de Galiza.

## **Artigo 89. Instrumentos de xestión forestal.**

1. Os instrumentos de xestión forestal desenvolven o Plan de Ordenación dos Recursos Forestais que regula o territorio no que se atope o monte, seguindo os criterios establecidos nas Instrucións Xerais de ordenación e aproveitamento dos montes de Galiza e no planeamento de defensa fronte aos incendios forestais.
2. Nos instrumentos de xestión dos montes catalogados, montes protectores e montes de especial protección autonómica, incluíranse medidas concretas para establecer vieiros biolóxicos entre eses montes e outros de similar catalogación, ou entre eses montes e outros espazos naturais protexidos ou de interese, a través de ríos, canellas e outras vías de comunicación natural, co fin de evitar o illamento das súas poboacións e de fomentar o movemento de especies e a diversidade xenética.
3. Nas zonas de valgada e bacía priorizarase unha ordenación tendente aos aproveitamentos mixtos silvopastorís ou compatibilizados con outras producións acordes coa calidade de estación que se establecerán regulamentariamente.
4. Os instrumentos de xestión forestal redactados para os montes do territorio da Comunidade Autónoma de Galiza deberán corresponderse con algunha das seguintes categorías:
  - a) Proxecto de ordenación de montes: documento que sintetiza a organización no tempo e no espazo da utilización sustentábel dos recursos forestais, madeirabeis e non madeirabeis, para montes ou conxuntos de parcelas, co obxectivo de obter un equilibrio das idades da masa arbórea e unha organización estable no tempo dos distintos usos e servizos do monte.
  - b) Plan técnico de xestión: instrumento de xestión forestal que, pola singularidade do monte a que afecta -pequena extensión aínda que superior ás 15 hectáreas, funcións preferentes distintas ás de produción de madeira ou cortiza, ou masas inmaduras sen arboredo en idade de corta- precisa dunha regulación máis sinxela da xestión dos seus recursos arbóreos.
  - c) Instrumento de xestión forestal específico: é o documento que regula a xestión das unidades de xestión forestal. Conterá como mínimo un plan técnico de xestión e un plan de defensa contra os incendios forestais, e en función das concretas necesidades da unidade de xestión forestal, poderá incluír outros plans específicos.
  - d) Os plans simples de xestión son instrumentos de xestión forestal, dirixidos a montes ou conxuntos de parcelas con superficie forestal inferior a 15 hectáreas, que permitan planificar melloras e aproveitamentos cun criterio silvícola e non dasocrático, garantindo o cumprimento das boas prácticas da xestión forestal sostible.
5. Regulamentariamente determinarase a estrutura e contidos mínimos destes instrumentos de xestión forestal, que se axustará ás directrices básicas comúns para a ordenación e o aproveitamento de montes elaboradas polo Goberno.

### **Artigo 90. Elaboración dos instrumentos de xestión forestal.**

1. A elaboración dos devanditos instrumentos farase a instancias do titular do monte ou da consellaría competente en materia de montes, debendo ser aprobados, en todo caso, por este último.
2. A elaboración destes instrumentos deberá ser dirixida e supervisada por profesionais con titulación forestal universitaria e deberá ter como referencia, no seu caso, o Plan de Ordenación dos Recursos Forestais do ámbito no cal se atope o monte e o planeamento de defensa fronte aos incendios forestais en vigor.
3. A consellaría competente en materia de montes participará na redacción dos instrumentos de ordenación e xestión dos espazos naturais protexidos que afecten aos montes ou terreos forestais galegos mediante a elaboración dun informe que terá carácter preceptivo.

### **Artigo 91. Aprobación.**

1. A aprobación dos instrumentos de xestión forestal corresponde á administración forestal. A súa aprobación levará consigo a súa inclusión de oficio no Rexistro Galego de Montes Ordeados, no que se inscribirán todos aqueles montes dotados dalgún instrumento de xestión forestal.
2. Se transcorridos seis meses desde a presentación da solicitude de aprobación do instrumento de xestión forestal polo propietario do monte, non se tivera ditado a correspondente resolución, entenderase aprobado o instrumento de xestión forestal.

### **Artigo 92. Modificación e revisión dos instrumentos de xestión forestal.**

A alteración, ben mediante a modificación de aspectos puntuais ou ben pola revisión de aspectos substanciais dos instrumentos de xestión forestal, adaptaranse ás condicións e prazos que se establezan nas instrucións xerais de ordenación e aproveitamento dos montes de Galiza.

### **Artigo 93. Compra responsábel de produtos forestais.**

1. Nos procedementos de contratación pública, a consellaría competente en materia de montes adoptará as medidas oportunas para evitar a adquisición de madeira e produtos derivados procedentes de talas ilegais.
2. A consellaría competente en materia de montes fomentará o consumo responsábel destes produtos por parte dos cidadáns, mediante campañas de divulgación.

### **Artigo 94. Certificación forestal.**

1. A consellaría competente en materia de montes promoverá a difusión dos sistemas de certificación forestal e procurará que todos eles cumpran as condicións de transparencia, voluntariedade, ausencia de discriminación e libre competencia.
2. Os sistemas de certificación forestal que se establezan conterán os requisitos medioambientais, económicos e sociais que permitan a súa homologación internacional,

e cumpran cos acordos internacionais ratificados legalmente, fomentando, ao mesmo tempo, que eses sistemas de certificación se axeiten á estrutura da propiedade dos montes da Comunidade Autónoma de Galiza e das empresas da cadea monte industria.

3. A consellaría competente en materia de montes promoverá as adquisicións de carácter responsábel de produtos forestais certificados e incentivará a certificación forestal.
4. Nos montes públicos ou xestionados pola Administración, as actuacións referidas á certificación forestal seguirán os criterios de non discriminación e utilización eficiente dos recursos económicos.

## **Título IV. Aproveitamentos forestais.**

### **Capítulo I. Disposicións xerais.**

#### **Artigo 95. Principios básicos.**

1. Calquera aproveitamento nos montes da Comunidade Autónoma de Galiza realizárase de modo que, harmonizando criterios de conservación e de sustentabilidade co desenvolvemento rural, se adecúe ás determinacións dos diferentes instrumentos de planificación e xestión previstos nesta Lei.
2. Os propietarios de montes teñen dereito ao acoutamento das súas propiedades para o aproveitamento exclusivo da actividade de recolleita de cogumelos, castañas, plantas aromáticas e medicinais, cortizas e resinas e outros produtos que puideran constituir unha fonte de rendas para o propietario, nas condicións que regulamentariamente se determinen.

### **Capítulo II. Aproveitamentos forestais.**

#### **Artigo 96. Aproveitamentos forestais.**

1. O propietario do monte é o titular dos recursos forestais que nel se producen e ten dereito ao seu aproveitamento, que se realizará con suxeición ás prescricións desta Lei e ás disposicións que a desenvolvan.
2. Os aproveitamentos nos montes do dominio público forestal poderán ser alleados polos seus titulares no marco do establecido nesta Lei, así como do previsto na lexislación patrimonial que lles resulte de aplicación.
3. Os aproveitamentos previstos nun instrumento de xestión aprobado pola Administración non necesitan de autorización para a súa execución, requeriéndose unicamente a práctica dunha notificación á consellaría competente en materia de montes cunha antelación de 15 días previamente á súa realización.
4. Os aproveitamentos nos montes afectados polas zonas de servidume, policía ou afección dos dominios públicos hidráulico, marítimo-terrestre, de estradas ou ferroviario, non precisarán de autorización dos órganos competentes dos devanditos dominios, sempre que tales montes dispoñan de instrumentos de xestión cuxa aprobación polo órgano forestal da comunidade autónoma fora informada favorablemente polos órganos de xestión dos dominios públicos nomeados. Os aproveitamentos nos devanditos montes precisarán de notificación á consellaría competente en materia de montes cunha antelación previa de 15 días.
5. A administración forestal poderá efectuar as inspeccións, controis e recoñecementos que estime convenientes, tanto antes como durante a realización do aproveitamento, como unha vez finalizado o mesmo. A consellaría competente en materia de montes poderá requirir aos transformadores e almacenistas de produtos forestais que xustifiquen

a orixe das partidas, ao obxecto de comprobar as talas e demais aproveitamentos forestais, en especial os procedentes de montes incendiados.

6. O incumprimento reiterado e inxustificado das prescricións previstas nun instrumento de xestión aprobado pola consellaría competente en materia de montes dará lugar á exclusión do monte do Rexistro Galego de Montes Ordeados e á conseguinte obrigatoriedade da solicitude de autorización para os futuros aproveitamentos, sen prexuízo da apertura do oportuno expediente sancionador.
7. En canto ós aproveitamentos en zonas afectadas por unha expropiación, será suficiente que o órgano expropiante envíe unha notificación á consellaría competente en materia de montes, debendo balizar a zona expropiada para evitar talas ilegais.

### **Capítulo III. Aproveitamentos madeirábeis e leñosos.**

#### **Artigo 97. Aproveitamentos madeirábeis e leñosos.**

1. Os aproveitamentos madeirábeis e leñosos realizaranse consonte ás determinacións desta Lei.
2. Nos bosques de especies frondosas autóctonas que carezan dun proxecto de ordenación ou dun plan técnico de xestión, os aproveitamentos forestais madeirábeis e leñosos quedarán reducidos a cortas de leña, saneamento e mellora. Quedarán exceptuadas as especies frondosas que se determinen regulamentariamente.
3. En ningún caso se entenderán adquiridos por silencio administrativo aproveitamentos madeirábeis ou leñosos en contra desta lei e a súa normativa de desenvolvemento ou dos instrumentos de xestión aprobados.
4. No caso de estar aprobado o instrumento de ordenación do monte, o titular que pretenda efectuar un aproveitamento madeirábel ou leñoso notificarao previamente á consellaría competente en materia de montes, aos efectos de comprobar a súa conformidade co previsto no devandito instrumento de xestión. A denegación ou condicionamento do aproveitamento producirase no prazo dun mes mediante resolución motivada do órgano da antedita consellaría competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen ditarse e notificarse resolución expresa entenderase aceptado o aproveitamento.
5. Cando non se dispoña do instrumento de xestión aprobado pola administración forestal, todo aproveitamento madeirábel ou leñoso requirirá da autorización previa da consellaría competente en materia de montes, que deberá emitirse no prazo máximo de dous meses a partir da data da súa solicitude e entendéndose outorgada se, transcorrido o devandito prazo, non recae resolución expresa.
6. En todos os casos, as autorizacións caducarán aos doce meses contados dende a data da súa concesión ou dende a data en que debeu entenderse outorgada por silencio administrativo.



7. Non precisarán autorización os aproveitamentos madeirábeis e leñosos que non teñan finalidade comercial ou só sexan para destino doméstico, nas condicións que se determinen regulamentariamente.
8. As persoas físicas ou xurídicas que, en nome do propietario realicen a xestión ou aproveitamento dos montes ou terreos forestais, poderán, cando estean debidamente acreditadas, solicitar as autorizacións ou facer as notificacións sinaladas neste artigo, achegando a documentación xustificativa da propiedade do monte.
9. Todas as notificacións e solicitudes previstas neste artigo deberán ir preceptivamente acompañadas do correspondente documento acreditativo da propiedade do monte e, no seu caso, da titularidade do aproveitamento.
10. O prazo para a realización dun aproveitamento será de seis meses contados desde a data de notificación da autorización ou da data na que se considere outorgada esta por silencio administrativo. A realización do aproveitamento implica a retirada ou trituración dos restos de corta.

#### **Capítulo IV. Aproveitamentos non madeirábeis.**

##### **Artigo 98. Pastoreo.**

1. O pastoreo nos montes realizarase de forma que sexa compatíbel coa conservación e mellora destes, limitado ás cargas gandeiras e condicións que regulamentariamente se establezan, co coidado preciso para non danar o medio forestal ou a capa vexetal nin degradar o solo.
2. Naqueles supostos nos que a consellaría competente en materia de montes estableza regulacións de pastos en terreo forestal, a presenza de gando no monte que non se axuste aos termos e condicións desta regulación levará consigo á adopción das correspondentes medidas, que poderán incluír o comiso do gando.
3. Nos montes, que non contén cun instrumento de xestión forestal que regule os pastos, será necesaria a autorización da administración competente en materia de montes para poder realizar o aproveitamento.
4. No tocante ás reses non identificadas ou non autorizadas a pastar no monte, calquera que sexa a súa titularidade ou natureza, ou que incumpran as condicións contidas nas autorizacións, se estará ao disposto nesta Lei e na normativa autonómica estatal e en materia de ordenación agraria e desenvolvemento rural e de sanidade e benestar animal. Todo iso con independencia das responsabilidades civís ou penais que se poidan producir.

##### **Artigo 99. Biomasa forestal primaria.**

A consellaría competente en materia de montes fomentará e regulará o aproveitamento da biomasa forestal primaria, garantindo a conservación da biodiversidade e da estabilidade dos solos e facilitando o desenvolvemento dos ciclos ecolóxicos.

##### **Artigo 100. Outros aproveitamentos non madeirábeis.**

1. Réxense pola súa normativa específica, sen prexuízo do disposto nesta Lei:
  - a) Os aproveitamentos de recursos non renovábeis, derivados da explotación de canteiras, áridos ou calquera outra actividade extractiva a ceo aberto ou subterránea. Cando se trate de montes de utilidade pública, protectores ou de especial protección autonómica, calquera autorización que emita o órgano competente na respectiva materia, esixirá informe previo vinculante da consellaría competente en materia de montes. En todo caso, a autorización do aproveitamento determinará o depósito de fianza abonda por parte do interesado, que garanta a íntegra restauración dos terreos afectados.
  - b) Os aproveitamentos derivados da caza ou da pesca.
2. A consellaría competente en materia de montes emitirá un informe vinculante sobre os plans de aproveitamento cinexético, piscícola ou mineiro que afecten a terreos forestais con instrumento de xestión aprobado.
3. A consellaría competente en materia de montes regulará as condicións nas que poden autorizarse e regularse outros aproveitamentos non madeirábeis tales como o micolóxico, apícola, corticeiro, colleita de plantas aromáticas e froitas silvestres e sementes.
4. A consellaría competente en materia de montes promoverá novas actividades e aproveitamentos do monte de xeito que favorezan o control da vexetación, e contribúan a fixación da poboación no rural.

#### **Artigo 101. Supervisión administrativa.**

1. A consellaría competente en materia de montes controlará e supervisará o uso das autorizacións de aproveitamentos a través de inspeccións, recoñecementos e comprobacións.
2. Os axentes da autoridade pública poderán esixir a calquera persoa que realice aproveitamentos forestais suxeitos a autorización a acreditación documental que ampare as devanditas operacións. A falta dela, requiriranlle para que suspenda as súas actividades, dando conta coa maior brevidade posíbel á consellaría competente en materia de montes aos efectos da incoación, se é o caso, do correspondente expediente sancionador.
3. A consellaría competente en materia de montes, ou os seus axentes da autoridade, poderán adoptar as medidas de carácter provisional que estimen necesarias, incluíndo o comiso ou inmovilización, para evitar a continuidade do dano ocasionado pola actividade presuntamente infractora.

#### **Capítulo V. Aproveitamentos en montes públicos e aproveitamentos en montes xestionados pola administración forestal.**

##### **Artigo 102. Alleamento.**

1. Os alleamentos dos produtos dos montes públicos e de xestión pública suxéitanse ao seguinte réxime:
  - a) Nos montes de titularidade da Comunidade Autónoma, realizaranse por subasta, procedemento negociado ou adxudicación directa consonte ao establecido na normativa patrimonial daquela.
  - b) Nos montes de titularidade municipal rexiranse pola súa lexislación específica.
  - c) Nos montes xestionados pola administración forestal, o alleamento poderase realizar por subasta, procedemento negociado, ou alleamento directo, nos termos en que regulamentariamente se determine.
2. Nos montes sinalados no número 1, apartados a) e c) do presente artigo, o importe polo alleamento da madeira en corta final que corresponda, destinarase ao financiamento da reforestación da superficie de corta, no caso de non ser viábel a rexeneración natural. Con este fin, dentro do mesmo procedemento que regule o alleamento da madeira, determinaranse as medidas necesarias que deberá levar a cabo o adxudicatario para o acondicionamento do terreo e a nova reforestación.

## **Capítulo VI. Fondo de melloras.**

### **Artigo 103. Fondo de melloras.**

1. A consellaría competente en materia de montes poderá aprobar Plans de melloras para os montes incluídos no Catálogo de Montes de Utilidade Pública e os montes incluídos no Rexistro de Montes Protectores e Montes de Especial Protección Autonómica e os xestionados por ela.
2. A estes efectos, crearase un fondo de melloras do monte coas achegas do trinta e cinco por cento dos ingresos dos aproveitamentos e dos rendementos obtidos por ocupacións ou outras actividades desenvolvidas nos montes aos que fai referencia o apartado anterior.
3. Tamén se ingresarán no fondo de melloras a totalidade dos pagos en concepto de danos e perdas establecidos por resolución firme en procedementos sancionadores incoados por infraccións cometidas en montes catalogados.
4. Consideraranse melloras os traballos e actuacións de fomento da xestión forestal tales como deslindamentos e amolloamentos, reforestacións, traballos silvícolas ou fitosanitarios, obras de execución e conservación de infraestruturas, a creación de pastos, a planificación preventiva contra os incendios forestais e o cumprimento de obrigas xerais derivadas da Lei, así como, en xeral, cantas accións contribúan á mellor conservación dos montes.
5. Serán beneficiarios do Fondo as entidades locais e demais propietarios que resulten obrigados a efectuar os investimentos nos seus montes, con prioridade no monte que xerou os ingresos.

## **Título V. Conservación e protección de montes.**

### **Capítulo I. Usos do solo.**

#### **Artigo 104. Cambio de uso forestal e modificación da cuberta vexetal.**

1. O cambio do uso forestal dun monte cando non veña motivado por razóns de interese xeral ou por declaración de demanialidade distinta da forestal e da normativa ambiental aplicábel, terá carácter excepcional e requirirá autorización do órgano que corresponda da consellaría competente en materia de montes.
2. Regulamentariamente a conselleraría competente en materia de montes establecerá un procedemento simplificado para autorizar o cambio de uso naquelas prantacións forestais temporais para as que se solicite unha reversión a usos anteriores non forestais.
3. A consellaría competente en materia de montes regulará os casos nos que, sen se producir un cambio de uso forestal, requirirase autorización para a modificación substancial da cuberta vexetal do monte.
4. Requirirán autorización expresa da consellaría competente en materia de montes os cambios de uso dos montes para cultivos agrícolas, ou outros usos forestais, incluída a substitución das especies ou o incremento en máis do dobre do número de individuos dalgunha delas, así como a cavadura dos solos e calquera outra actuación que supoña alteración dos seus perfís ou un incremento do risco de erosión.
5. Requirirán autorización da consellaría competente en materia de montes as especies a utilizar nos casos de forestación de terras agrícolas.
6. O outorgamento das devanditas autorizacións requirirá a previa constatación, a través dos oportunos estudos e análises, de que as actuacións que se pretenden executar son compatíbeis co disposto nos instrumentos de planificación e ordenación forestal e non producen efectos negativos no medio físico e natural nin noutros intereses forestais obxecto de tutela.
7. Poderase revogar as autorizacións de cambio de uso forestal cando o terreo obxecto da autorización fose afectado por un lume con posterioridade ao seu outorgamento.

#### **Artigo 105. Incidencia da normativa urbanística.**

Os instrumentos de planeamento urbanístico, cando afecten á cualificación de terreos forestais, requirirán o informe da consellaría competente en materia de montes. O devandito informe será vinculante de tratarse de montes públicos, protectores ou de especial protección autonómica.

#### **Artigo 106. Uso social dos montes públicos.**

1. Os montes integrantes do dominio público forestal estarán suxeitos ao uso común, xeral, público e gratuíto cando as actividades a desenvolver teñan finalidade recreativa,

cultural ou educativa non lucrativa, sometida á normativa vixente, particularmente aos instrumentos de xestión aplicábeis, sempre que sexan compatíbeis cos aproveitamentos, autorizacións ou concesións legalmente establecidos.

2. A consellaría competente en materia de montes regulará as actividades non lucrativas e as condicións de acceso público aos montes demaniais consonte ao previsto nesta Lei.
3. A consellaría competente en materia de montes someterá, a respecto dos montes demaniais, a outorgamento de autorizacións aquelas actividades que, de acordo coa normativa autonómica, a requiran pola súa intensidade, perigosidade ou rendibilidade.
4. Para a realización de actividades que impliquen unha utilización privativa do dominio público forestal é necesario o título concesional ou permiso de ocupación temporal outorgado pola consellaría competente en materia de montes.

#### **Artigo 107. Uso cultural, turístico, educativo e recreativo dos montes públicos.**

1. A Administración pública competente promoverá o uso cultural, turístico, educativo e recreativo dos montes públicos que sexa axeitado e compatíbel coa súa conservación. Para tal efecto, impulsará áreas, núcleos ou itinerarios recreativos, zonas de acampada, campamentos, aulas da natureza ou calquera outro tipo de infraestrutura recreativa.
2. O uso dalgunhas infraestruturas ou instalacións de carácter recreativo, cultural ou turístico poderá requirir o aboamento dun tributo consonte a Lei 6/2003 de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Considerarase uso común especial a celebración de actos que leven consigo unha afluencia de público indeterminada, e estará suxeito ao disposto no correspondente instrumento de xestión cando teñan carácter tradicional e periódico. En ausencia do devandito instrumento ou cando teñan carácter ocasional, requirirán autorización administrativa, que será en todo caso temporal, e nunca excluírá o uso común xeral.
4. A consellaría competente en materia de montes asegurará en todo caso que os montes se manteñan limpos de elementos estraños a este, quedando obrigados todos á recollida e extracción dos residuos que orixinen. Igual obriga atinxirá aos que realicen calquera actividade autorizada.

#### **Artigo 108. Acceso aos montes públicos.**

1. Sen prexuízo das servidumes e dereitos existentes e do establecido na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza, o acceso de persoas alleas á vixilancia, extinción e xestión poderá limitarse mediante resolución administrativa por razóns de conservación dos recursos ou valores naturais. As limitacións deberán facerse públicas de forma fidedigna.
2. Salvo por razóns de xestión e vixilancia ou logo de autorización administrativa expresa, queda prohibida a circulación de vehículos a motor percorrendo terreos de monte de calquera titularidade fóra dos camiños ou pistas forestais existentes.

3. A circulación con vehículos a motor por pistas forestais limitarase ás funcións de xestión, incluíndo a vixilancia, extinción de incendios forestais e realización de aproveitamentos forestais e aos usos amparados polas servidumes e dereitos existentes.
4. Excepcionalmente, a consellaría competente en materia de montes poderá autorizar o tránsito aberto motorizado na forma que se determine, cando se comprobe a adecuación do vial, a correcta sinalización do acceso, a aceptación polos titulares e a asunción do mantemento do monte en axeitadas condicións e da responsabilidade civil polos danos que se poidan ocasionar.

### **Artigo 109. Usos prohibidos.**

Quedan prohibidos, salvo expresa autorización da consellaría competente en materia de montes e sen prexuízo doutras autorizacións necesarias segundo a lexislación sectorial aplicábel en cada caso:

1. As accións que impidan ou limiten o normal comportamento das especies animais protexidas.
2. A recollida de produtos sometidos a autorización e de material vexetal, mineral ou de exemplares da fauna dos montes, salvo que se trate de mostras con fins científicos e conten coa preceptiva autorización.
3. O abandono de entullos, lixo, residuos, ou escouras de calquera tipo ou natureza.
4. O uso daqueles elementos produtores de ruído, alleos á actividade agraria, que poidan alterar os hábitos do gando ou da fauna silvestre.
5. As actividades motorizadas, alleas á actividade agroforestal, agás nos circuitos ou viais expresamente autorizados.
6. As acampadas, agás nos lugares expresamente permitidos.
7. A publicidade estática.
8. A actividade comercial ambulante.
9. O sinalamento mediante o apuntalamo nas especies forestais.

## **Capítulo II. Conservación.**

### **Artigo 110. Disposicións xerais.**

1. A Xunta de Galicia abordará as políticas de control da erosión, de corrección hidrolóxico-forestal e de repoboación, dende a ordenación do territorio, cunha resposta que integre e coordine os distintos instrumentos con incidencia no territorio e que vincule tamén aos propietarios privados. A estes efectos, a Xunta de Galicia elaborará un mapa de riscos fronte a erosión para a planificación da restauración hidrolóxica forestal. O devandito mapa de riscos fixará as zonas prioritarias de actuación.
2. Os plans, obras e traballos contra a erosión ou de restauración hidrolóxico-forestal que sexan precisos para a recuperación das zonas prioritarias de actuación, calquera que sexa a súa titularidade, e o uso ao que se destinen, poderán ser declarados de utilidade pública ou interese social aos efectos de expropiación forzosa.

### **Artigo 111. Loita contra a desertificación e restauración hidrolóxico-forestal.**

1. A Comunidade Autónoma de Galiza colaborará coas Administracións Públicas competentes nos seguintes ámbitos:
  - a) Na elaboración, aplicación e seguemento do programa contra a desertificación establecido no ámbito do artigo 41 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.
  - b) Na elaboración, aplicación e seguimento do plan de restauración hidrolóxico-forestal no ámbito do artigo 41 da Lei 43/2003, de 21 de novembro, de montes, sen prexuízo de que, para atender ás específicas necesidades do territorio galego, se establezan proxectos hidrolóxicos e plans de recuperación hidrolóxico forestal específicos.
2. A consellaría competente en materia de montes, a partir do mapa de riscos fronte a erosión delimitará as zonas de perigo por risco de erosión con posíbeis graves perdas de solo, así como aquelas outras ameazadas por risco de inundacións que afecten a poboacións, establecendo medidas de prevención e actuación mediante plans de restauración hidrolóxico-forestal, de aplicación obrigatoria para todas as administracións públicas. No caso de grave risco de inundacións, coordinaranse as actuacións destes plans coa consellaría competente en materia de augas.

### **Artigo 112. Repoboación forestal.**

1. A repoboación dos montes poderá realizarse directamente polas administracións públicas ou polos particulares, quedando suxeita aos instrumentos de ordenación e de xestión forestal que resulten de aplicación e sen prexuízo do seu sometemento, así mesmo, á avaliación de impacto ambiental cando así o exixa a lexislación aplicábel.
2. A repoboación forestal en montes catalogados de utilidade pública, protectores ou de especial protección autonómica farase co obxectivo de crear neles masas boscosas con capacidade de autorrexeneración e evolución hacia formacións vexetais maduras que sexan as potencialmente máis axeitadas na zona. En ningún caso poderase facer unha repoboación con especies arbóreas que supoña un cambio de especie forestal en terreos con formacións boscosas.
3. Os proxectos de repoboación forestal someteranse á aprobación da Consellaría competente en materia forestal, agás para os montes catalogados de utilidade pública, protectores, de especial protección autonómica ou os que dispoñan dun instrumento de xestión forestal aprobado pola devandita consellaría que precisarán de notificación que deberá practicarse nun prazo de 15 días previamente á realización da repoboación.
4. A repoboación forestal de montes e terreos forestais corresponde ós seus titulares baixo a supervisión técnica e inspección por parte da consellaría competente en materia de montes no cumprimento desta Lei e da súa normativa de desenvolvemento.
5. A Consellaría competente en materia de montes velará pola correcta execución das repoboacións, elección de especies e métodos de traballo máis axeitados, e poderá fixar regulamentariamente as condicións técnicas máis axeitadas para o seu obrigado cumprimento.

6. A Xunta de Galiza, a proposta do titular da consellaría competente en materia forestal, poderá declarar a utilidade pública dunha repoboación forestal nunha zona ou monte determinado. Esta declaración obrigará ao titular dos terreos forestais afectados a soportar á realización da repoboación. A tal efecto poderase propor o establecemento dun convenio ou proceder á realización da repoboación a costa do propietario.

### **Capítulo III. Pragas, enfermidades forestais, defensa fitosanitaria e xenética forestal.**

#### **Artigo 113. Marco xurídico da sanidade forestal.**

1. Na prevención e loita contra pragas forestais, no Rexistro de Produtos Fitosanitarios a utilizar nos montes e na introdución e circulación de plantas e produtos forestais de importación, así como en calquera outro aspecto da sanidade forestal, estarase ao establecido na lexislación en materia de sanidade vexetal.
2. O órgano que corresponda da consellaría competente en materia de montes asumirá as competencias previstas neste ámbito, sen prexuízo das funcións derivadas das delegacións ou colaboracións que, no que se refire a pragas e enfermidades forestais, se establezan con outras unidades da mesma ou de distintas consellarías.

#### **Artigo 114. Actuacións da administración autonómica.**

1. Corresponde á consellaría competente en materia de montes a vixilancia, localización e estudo dos axentes nocivos, pragas e enfermidades forestais, así como os labores de prevención, erradicación e control que se consideren oportunos.
2. As medidas de protección contra os axentes nocivos serán de carácter preventivo, por medio de técnicas silvícolas axeitadas, utilización de axentes biolóxicos que impidan ou freen o incremento das poboacións de axentes nocivos e a aplicación de métodos de loita integrada.
3. A consellaría competente en materia de montes informará as Administracións Públicas competentes sobre a localización de focos incipientes de pragas, a incidencia e intensidade das pragas de corentena e daquelas outras detectadas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galiza que teñan especial incidencia, así como das medidas fitosanitarias adoptadas.
4. A consellaría competente en materia de montes prestará asesoramento e axuda técnica a entidades públicas e privadas e a particulares para a loita contra pragas e enfermidades forestais, e poderá formalizar convenios cos propietarios para a execución de traballos de prevención e de loita contra enfermidades e pragas.
5. A consellaría competente en materia de montes elaborará a relación de especies invasoras que puidesen afectar ou entrañar riscos aos montes galegos e promoverá campañas para a súa eliminación ou erradicación.

#### **Artigo 115. Obrigas dos titulares dos montes.**



1. Os propietarios, xestores dos montes e os titulares dos aproveitamentos deben vixiar e manter as masas forestais da súa propiedade, ou sobre as que realizan as actuacións, en bo estado fitosanitario. Para a súa consecución están obrigados a:
  - a) Extraer aqueles produtos forestais que poidan crear un risco de praga ou enfermidade forestal no prazo e forma determinado polo órgano que corresponda da consellaría competente en materia de montes.
  - b) Notificar ao órgano que corresponda da consellaría competente en materia de montes toda aparición atípica de organismos nocivos ou de síntomas de enfermidade nas masas forestais.
  - c) Executar ou facilitar a realización das accións e tratamentos obrigatorios que a consellaría competente en materia de montes determine como consecuencia da declaración de existencia oficial dunha praga ou enfermidade forestal.
  - d) Executar ou facilitar a realización doutras accións e tratamentos obrigatorios que a consellaría competente en materia de montes determine aos efectos de manter as masas forestais en bo estado fitosanitario para a defensa do medio natural.
2. Se os propietarios do monte ou os titulares dos aproveitamentos non realizan as actuacións determinadas pola administración forestal, esta poderá proceder á execución subsidiaria das mesmas, de conformidade co disposto na Lei 30/1992 do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Todo elo sen prexuízo da incoación, se procede, do oportuno expediente sancionador por incumprimento das obrigas recollidas no presente artigo.

#### **Artigo 116. Xenética forestal.**

1. A Xunta de Galiza colaborará coas Administracións Públicas competentes na elaboración e desenvolvemento dos programas de ámbito estatal ou europeo que promovan a mellora xenética e a conservación dos recursos xenéticos forestais e na determinación das rexións de procedencia dos materiais forestais de reprodución.
2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, a consellaría competente en materia de montes desenvolverá programas de mellora xenética forestal para a consecución de produtos forestais de calidade e para a conservación dos recursos xenéticos forestais, con especial atención ás especies produtivas de madeira que sexan básicas para a industria de primeira transformación.
3. A consellaría competente en materia de montes protexerá a riqueza xenética das especies autóctonas, distinguíndoas segundo a súa procedencia. Con tal fin, elaborará un plan de mellora xenética das especies forestais e creará un banco de sementes de especies forestais de interese, tanto herbáceas, coma arbustivas e arbóreas, coa finalidade de protexer a riqueza xenética das especies autóctonas, separándoas segundo a súa procedencia.

#### **Artigo 117. Viveiros.**

1. A consellaría competente en materia de montes promoverá a creación e instalación de viveiros no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galiza e dos centros de

producción de semente, fomentará a súa implantación e desenvolvemento mediante incentivos e programas específicos de apoio.

2. Todos os viveiros forestais estarán inscritos na sección correspondente do Rexistro de empresas forestais e se axustarán á normativa de aplicación sobre os sistemas de control oficial para o control da produción e comercialización dos materiais forestais de reprodución.

#### **Capítulo IV. Prevención e defensa contra incendios forestais.**

##### **Artigo 118. Sistema de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia.**

1. O Sistema de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais de Galicia está formado polo conxunto de plans, disposicións e medios operativos cuxo obxectivo é a prevención e protección do espazo forestal e da súa zona de influencia contra os incendios forestais e que responde aos seguintes criterios:
  - a) A protección de persoas e bens e do patrimonio forestal galego.
  - b) Determinación do conxunto de accións e medidas no ámbito da sensibilización social, o planeamento de prevención e defensa, a silvicultura preventiva, as redes de infraestruturas preventivas, a vixilancia, predicción, detección e combate así como todas aquelas medidas que sexan necesarias para o remate e liquidación do incendio.
  - c) Determinación das medidas punitivas, de intervención, control e fiscalización necesarias para o cumprimento da legalidade así como aquelas outras dirixidas á restauración dos terreos queimados.
  - d) Determinación do organigrama funcional do dispositivo, medios, medidas e protocolos de actuación necesarios para unha prevención e defensa eficaz.
  - e) Cooperación e coordinación entre as distintas administracións públicas de acordo coa normativa específica vixente.
2. A administración competente en materia de incendios forestais adoptará as medidas oportunas para garantir a defensa xurídica dos responsables do dispositivo e do persoal baixo o seu mando nos procedementos seguidos ante os tribunais por posíbeis responsabilidades derivadas do exercicio das súas funcións.

## **Título VI. Educación, divulgación, formación e investigación.**

### **Capítulo I. Educación e divulgación.**

#### **Artigo 119. Da educación e divulgación.**

1. A Xunta de Galiza promoverá o ensino de contidos forestais na educación primaria e secundaria, e fomentará e regulará o uso educativo dos montes, e fomentará programas de sensibilización cara os bosques e a diversidade dos seus usos.
2. Para fomentar o uso educativo do monte e dar a coñecer a diversidade dos seus usos, a consellería competente en materia de montes aprobará un Plan de Divulgación Forestal.
3. Potenciaranse as aulas forestais e os parques periurbáns como os principais instrumentos canalizadores destes fins.

#### **Artigo 120. Programas de divulgación.**

1. Así mesmo, a Comunidade Autónoma de Galiza, en colaboración con outras administracións públicas e cos axentes sociais representativos, promoverá o establecemento de programas de divulgación orientados a concienciar ao conxunto da sociedade da importancia da existencia dos montes e dos seus produtos como recursos naturais renovábeis, así como da súa xestión sustentábel. As entidades locais tamén desenvolverán programas de concienciación e sensibilización sobre a prevención de incendios forestais, fomentando a participación social e favorecendo a corresponsabilidade da poboación na protección do monte.
2. Con tal fin, poderán outorgarse convenios de colaboración con centros de investigación e empresas de transformación, coas distintas administracións públicas, coas universidades, cos colexios profesionais, e con calquera outra organización con identidade de fin.

### **Capítulo II. Formación e investigación.**

#### **Artigo 121. Formación técnica.**

Co fin de contribuír ao desenvolvemento e promoción dos aspectos sociolaborais do sector forestal e ao fomento do emprego, con especial atención ás poboacións rurais, a Xunta de Galiza, en colaboración con outras administracións públicas e cos axentes sociais representativos, actuará nun triple ámbito:

1. Impulsará a formación dos propietarios e silvicultores, de acordo coas normas de xestión forestal sustentábel. Nos labores de formación fomentárase a participación das asociacións profesionais do sector.
2. Desenvolverá de forma continuada, actividades tendentes a incrementar a formación técnica dos profesionais no sector forestal, colaborando no fomento da formación

profesional e no desenvolvemento de ensinanzas medias ou superiores en materia forestal.

3. Artellará programas anuais de reciclaxe e perfeccionamento do persoal da administración forestal, prestando unha especial atención ao persoal que traballa no medio rural.

#### **Artigo 122. Investigación.**

1. A consellaría competente en materia de montes promoverá o desenvolvemento da investigación científica e técnica e os estudos en materia forestal que permitan dispoñer dos coñecementos científicos e técnicos para a mellora do medio forestal e das actuacións que sobre o mesmo se executen.
2. Nos montes de titularidade da Comunidade Autónoma de Galiza poderanse establecer áreas de reserva non intervidas para o estudo da evolución natural dos montes. Este mesmo tipo de áreas se poderá establecer en montes doutra titularidade, logo do acordo co seu propietario.

### **Título VII. Fomento forestal.**

#### **Capítulo I. Das infraestruturas forestais.**

##### **Artigo 123. Construción de infraestruturas públicas non forestais.**

1. Os proxectos de construción de todo tipo de infraestruturas alleas á xestión dos montes artellaranse de modo que, sempre que sexa posíbel, non afecten ou teñan a menor incidencia sobre os montes. No caso que non sexa posíbel evitar esa incidencia sobre o monte, os devanditos proxectos precisarán de informe favorábel da consellaría con competencia en materia de montes, no que se estudarán as diferentes alternativas e se propondrá a menos prexudicial para o monte.
2. Todos os instrumentos de planificación que conteñan infraestruturas que teñan que situarse en montes ou terreos forestais deberán ser informados previamente pola consellaría competente en materia de montes.

##### **Artigo 124. Infraestruturas forestais.**

1. A consellaría competente en materia de montes promoverá a construción e mellora das infraestructuras necesarias para unha axeitada xestión de recursos forestais, evitando a excesiva densidade de pistas que imposibiliten o seu mantemento ou supoñan riscos de erosión. Promoveranse iniciativas de redución da densidade da rede de pistas a parámetros de sustentabilidade restaurando os terreos ao seu estado orixinal. Potenciaranse aquelas infraestructuras forestais necesarias para unha axeitada e óptima xestión dos recursos forestais, e en concreto aquelas que estean definidas no planeamento de prevención e defensa contra os incendios forestais de distrito e municipais.

2. Co fin de facilitar e optimizar as operacións de aproveitamento, saca e transporte, nos montes que se doten de instrumento de xestión forestal disporanse parques para o amoreamento de madeira en número e superficie suficientes para atender a capacidade produtiva do devandito monte, e ubicados estratéxicamente segundo a distribución das pistas, da superficie produtiva e da proximidade das estradas.

#### **Artigo 125. Pistas forestais.**

1. A consellaría competente en materia de montes planificará e executará unha rede de pistas forestais, aproveitando cando sexa posíbel as pistas forestais existentes. Neste labor xustificárase a súa viabilidade, procurando evitar o impacto sobre a paisaxe, a degradación da vexetación, a erosión, e preservando os ecosistemas existentes no monte.
2. Os camiños públicos e privados situados en solo rústico de protección forestal terán a consideración de pistas forestais polo seu destino principal con este fin.
3. Respectando o establecido nos parágrafos anteriores, as características e esixencias construtivas das pistas forestais promovidas pola consellaría competente en materia de montes serán establecidas regulamentariamente e atenderán ás necesidades do transporte de produtos forestais e do acceso aos montes da maquinaria forestal.
4. A apertura de novas pistas forestais ou ancheamento das existentes nos montes privados, cando non estean previstas no seu instrumento de xestión en vigor, precisarán de autorización administrativa expresa da consellaría competente en materia de montes.

#### **Capítulo II. Defensa dos intereses forestais.**

##### **Artigo 126. Fomento do asociacionismo.**

1. As Administracións públicas promoverán activamente as fundacións, asociacións e cooperativas, existentes ou de nova creación, que teñan por obxecto as materias que se tratan nesta Lei e, nomeadamente, a xestión sustentábel e multifuncional dos montes, e que poidan colaborar coas Administracións no exercicio das súas competencias.
2. A consellaría competente en materia de montes poderá asinar convenios coas asociacións, cooperativas e fundacións legalmente constituídas que representen intereses do sector forestal, para a formación e asistencia técnica aos silvicultores e a promoción da xestión sustentábel dos montes.
3. Co fin de conseguir unha ordenación sustentábel e unha xestión conxunta dos recursos dos montes de Galiza, a consellaría competente en materia de montes:
  - a) Fomentará o mantemento das comunidades de bens e das agrupacións forestais, calquera que sexa a súa forma xurídica, que dispoñan como mínimo de 15 hectáreas de terreo.
  - b) Promoverá a agrupación de montes, calquera que sexa a súa natureza, co obxecto de facilitar unha ordenación e xestión de carácter integral mediante instrumentos de xestión forestal que asocien a pequenos propietarios.

4. Consonte o artigo 30.3 da Lei 3/2007 de prevención de incendios, o Consello da Xunta poderá iniciar de oficio o procedemento para crear unha unidade de xestión forestal.

#### **Artigo 127. Novas tecnoloxías.**

1. A Consellaría competente en materia forestal implementará as novas tecnoloxías e sistemas de información xeográfica ao Rexistro Forestal de Galiza e a estatística forestal, co fin de manter actualizada a información relativa aos usos da superficie forestal, do seu estado de xestión e facilitar as actividades e acceso a información das empresas adicadas aos aproveitamentos forestais.
2. A implementación das novas tecnoloxías e dos sistemas de información xeográfica terán por obxecto fundamental o coñecemento actualizado dos usos da superficie forestal, as especies que a ocupan, o apoio para os sistemas de inventariación tradicional e a mellora cualitativa na información aportada por estes.
3. A consellaría competente en materia de montes habilitará cantos servizos de atención telemática considere oportunos de acordo co obxecto dos parágrafos anteriores.

#### **Artigo 128. A cadea Monte-Industria.**

1. A consellaría competente en materia de montes prestará especial apoio ao fortalecemento da cadea Monte-Industria, mediante:
  - a) O fomento da cooperación entre o sector da produción forestal e o industrial dedicados á primeira transformación dos produtos forestais.
  - b) A promoción de convenios de colaboración entre centros de investigación de produtos forestais, públicos ou privados, e as empresas do sector, que permitan a transferencia axeitada de tecnoloxía e a modernización e mellora dos procesos de transformación e comercialización.
2. A consellaría competente en materia de montes artellará mecanismos para asegurar a integración das producións forestais de natureza alimentaria no seguinte elo produtivo da cadea agroalimentaria.

#### **Artigo 129. Consello Forestal de Galiza**

1. O Consello Forestal de Galiza é o órgano colexiado da Administración da Xunta de Galicia de carácter consultivo e asesor, que ten como fin favorecer a participación de todos os axentes sociais con intereses no monte, na elaboración das políticas públicas en materia forestal e na consecución dos principios desta lei.
2. O Consello Forestal de Galiza desenvolverá, entre outras, as seguintes funcións:
  - a) Coñecer e informar sobre as propostas de regulación e de planificación territorial forestal e sobre a Estratexia Galega de Xestión Forestal Sustentábel.
  - b) Propoñer ás Administracións Públicas as medidas que considere necesarias para cumprir os principios desta lei.
  - c) Formular propostas e emitir informes acerca da percepción social do monte.

- d) Fomentar o diálogo, a participación e a colaboración entre todas as Administracións Públicas, institucións, asociacións de propietarios e de comunidades de montes veciñais e demais axentes sociais, económicos e ambientalistas implicados no sector forestal e no uso sustentébel dos montes galegos, propiciando o intercambio de información, entre todos os integrantes do consello dos temas que sexan obxecto de debate no sector forestal.
  - e) Fomentar a celebración de seminarios, xornadas, actos ou foros en materia forestal.
  - f) Impulsar a realización de informes e estudos, á iniciativa do propio Consello, sobre o sector forestal.
3. O Consello Forestal de Galiza previsto neste artigo será obxecto de desenvolvemento regulamentario a medio de decreto.

### **Artigo 130. Mesa da Madeira.**

1. Crease a Mesa da Madeira como órgano de representación sectorial e deliberación coa Administración Forestal de Galiza dos propietarios forestais, das empresas de servizos e de explotación forestal, das industrias de transformación de produtos forestais madeireiros e das asociacións e entidades representativas galegas de carácter medioambiental.
2. Son funcións da Mesa da Madeira:
  - a) Promover as interrelacións entre os sectores de produción, comercialización e transformación da madeira.
  - b) Colaborar na catalogación, normalización e estandarización dos produtos forestais.
  - c) Elaborar un listado periódico e ordenado de prezos dos produtos forestais.
  - d) Coordinar as posibilidades de produción forestal coas necesidades industriais.
  - e) Propoñer líñas de fomento, mellora e experimentación no sector forestal e nas industrias derivadas.
3. A organización, funcionamento e composición da Mesa da Madeira determinarase regulamentariamente.
4. Cando o desenvolvemento doutras producións forestais o fixera necesario, a consellaría competente en materia de montes poderá impulsar as mesas sectoriais que estime pertinentes para o fomento, promoción e mellora das devanditas producións.

### **Capítulo III. Incentivos.**

#### **Artigo 131. Clases de incentivos.**

1. Con carácter xeral, os incentivos poderán consistir en:
  1. Investimentos directos da Comunidade Autónoma de Galiza, a fondo perdido ou reintegrábeis.
  2. Subvencións aos propietarios dos traballos dirixidos á xestión forestal sustentábel. No acceso ás subvencións para previr incendios forestais terán prioridade os montes ubicados nunha zona declarada de alto risco de incendio.
  3. Liñas de crédito bonificadas para financiar investimentos forestais, que poderán ser compatíbeis coas subvencións e incentivos.
  4. Calquera outra axuda ou incentivo coherente cos anteriores
2. Non poderán ser obxecto de axudas económicas aquelas actuacións que se deriven de reparacións obrigatorias de danos causados por accións que constitúan algunha das infraccións previstas nesta Lei.

### **Artigo 132. Incentivos para o desenvolvemento, protección e conservación dos montes de xestión privada.**

Terán prioridade no outorgamento dos incentivos aos montes privados as seguintes clases de montes:

1. Os montes protectores, os montes de especial protección autonómica, os montes veciñais en man común, as comunidades de bens e as agrupacións de propietarios para a xestión en común de máis de 15 hectáreas e as unidades de xestión forestal, e sempre que se doten dun instrumento de xestión aprobado pola Administración.
2. Os montes de particulares que, contando con máis de 15 hectáreas e amosando unha viabilidade económica, se doten dun instrumento de xestión aprobado pola Administración.
3. Os montes dotados de instrumentos de xestión forestal que, sen reunir as características dos montes contemplados nos apartados 1) e 2) do presente artigo, presenten condicións suficientes de viabilidade ou de especial interese en razón das especies arbóreas ou da calidade e importancia das súas producións; ou que estean localizadas en zonas desfavorecidas.

### **Artigo 133. Do fomento dos montes ordenados.**

A consellaría competente en materia de montes promoverá a ordenación dos montes considerando:

1. A conservación, restauración e mellora da biodiversidade e da paisaxe en función das medidas específicas adoitadas para tal fin.
2. A fixación de dióxido de carbono nos montes como medida de contribución á mitigación do cambio climático, en función da cantidade de carbono fixada na biomasa forestal do monte, así como da valorización enerxética da biomasa residual.



3. A conservación dos solos e do réxime hidrolóxico nos montes como medida de loita contra a desertificación por medio do fomento da protección da cuberta vexetal e das medidas necesarias encamiñadas a protexe-lo solo contra a erosión, defendendo así os recursos hídricos superficiais e subterráneos.

#### **Artigo 134. Obxecto dos incentivos.**

Os incentivos regulados neste capítulo deberán ter por obxecto calquera das seguintes actuacións:

1. A execución de actuacións que persigan unha xestión sustentábel do monte.
2. A mellora das masas arboradas, promocionando a rexeneración natural, e incrementándoas artificialmente alí onde sexa necesario polos usos que se establezan nos instrumentos de xestión.
3. A realización de actuacións dirixidas á prevención directa e indirecta dos incendios forestais, con especial atención aos traballos preventivos a executar polos propietarios nos plans de defensa nas zonas de especial risco de incendio forestal.
4. A implantación de masas de frondosas autóctonas nas zonas nas que sexa viábel.
5. A construción de infraestruturas de defensa forestal e a produción forestal promovendo unha xestión sostible das mesmas, evitando a súa proliferación excesiva, e potenciando aquelas áreas cortalumes que sexan respectuosas cos solos e de doado mantemento.
6. As actuacións dirixidas a conquistar a multifuncionalidade e a valorización integral do monte.
7. A traballos de restauración hidrolóxico-forestal.
8. A defensa contra pragas e enfermidades forestais, a mellora xenética e a conservación dos recursos forestais.
9. A produción madeireira, a investigación forestal e a comercialización e transformación dos produtos dos montes.
10. Os traballos de mellora silvícola, dos pastos ou das condicións cinexéticas.
11. As actuacións destinadas a ampliar e mellorar o uso recreativo dos montes.
12. A elaboración dos instrumentos de ordenación previstos nesta Lei.
13. As actuacións en materia de formación e educación forestal.
14. O fomento do emprego no medio rural.
15. A cooperación entre os propietarios forestais co fin de lograr unidades de xestión suficientemente amplas.
16. Calquera outra fin que contribúa ao desenvolvemento e protección dos montes galegos.

#### **Artigo 135. Beneficiarios dos incentivos.**

Poderán ser beneficiarios das axudas:

1. Os propietarios de montes, sexan públicos ou privados.
2. Os titulares de dereitos de uso e disfrute.
3. Quen sexan parte dos convenios ou acordos para a realización de actuacións previstas nesta Lei.

### **Título VIII. Réxime sancionador.**

#### **Capítulo I. Medidas provisionais**

### **Artigo 136. Medidas provisionais**

1. A administración competente, ou os seus axentes da autoridade, poderán adoptar as medidas de carácter provisional que estimen necesarias, incluíndo o comiso de gando e aproveitamentos e a paralización de calquera actividade sempre que o dano o xustifique, para evitar a continuidade do dano ocasionado pola actividade presuntamente infractora, en especial cando se estean a producir en masas de frondosas autóctonas, montes protectores, montes de especial protección autonómica ou hábitats que pola súa fragilidade se estime esta necesidade.
2. As medidas provisionais deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento, que deberá efectuarse dentro dos 15 días seguintes á súa adopción, o cal poderá ser obxecto do recurso que proceda. En todo caso, as ditas medidas quedarán sen efecto se non se inicia o procedemento no dito prazo ou cando o acordo de iniciación non conteña un pronunciamento expreso acerca destas.

## **Capítulo II. Potestade sancionadora.**

### **Artigo 137. Potestade sancionadora.**

1. A consellaría competente en materia de montes inspeccionará o exercicio e desenvolvemento das actividades sometidas a esta Lei e exercerá ao abeiro dela a potestade sancionadora.
2. Constitúen infraccións administrativas en materia forestal xeradora de responsabilidade, toda acción ou omisión que vulnere o establecido nesta Lei, na lexislación básica en materia de montes, contida na Lei 43/2003; da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia; e mais na lexislación básica en materia de sanidade vexetal, contida na Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal.

## **Capítulo III. Infraccións.**

### **Artigo 138. Infraccións:**

### **Artigo 139. Cualificación das infraccións.**

As infraccións administrativas en materia de montes cualifícanse en moi graves, graves e leves.

### **Artigo 140. Suxeitos responsábeis.**

- 1) Serán responsábeis das infraccións as persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas seguintes:
  - a. As que directamente realicen a actividade infractora ou as que ordenen a devandita actividade cando o executor teña con aquelas unha relación laboral,

- estatutaria ou calquera outra de feito ou de dereito, sempre que se demostre a súa dependencia do que a ordenou.
- b. Con carácter subsidiario as persoas que, de acordo cos estatutos ou escritura social, sexan titulares, promotores ou explotadores da actividade ou proxecto do que se derive a infracción.
  - c. Os concesionarios do dominio público ou servizo público nos termos dos apartados anteriores.
- 2) Cando non sexa posíbel determinar o grao de participación das distintas persoas que interviñesen na realización dunha infracción, a responsabilidade será solidaria, sen prexuízo do dereito a repetir fronte aos demais participantes, por parte de aquel ou aqueles que fixesen fronte ás responsabilidades.

#### **Artigo 141. Responsabilidade penal.**

1. Cando a infracción puidese ser constitutiva de delito ou falta, a administración instrutora parao en coñecemento do Ministerio Fiscal e do órgano xurisdiccional competente, suspendéndose a tramitación do procedemento sancionador mentres a autoridade xudicial non dite sentenza firme ou resolución que poña fin ao proceso.
2. A sanción penal excluírá a imposición de sanción administrativa nos casos nos que se aprecie a identidade do suxeito, do feito e do fundamento. De non se estimar a existencia de delito ou falta, o órgano competente continuará, no seu caso, o expediente sancionador tendo en conta os feitos declarados probados na resolución firme do órgano xudicial competente.

#### **Artigo 142. Prescrición das infraccións.**

1. As infraccións moi graves prescriben aos cinco anos, as graves aos tres e as leves ao ano.
2. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde a data na que a infracción se cometeu.
3. Interrompe a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, reanudándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivese paralizado durante un mes por causa non imputábel ao presunto responsábel.
4. No caso de infraccións continuadas, o inicio do prazo de prescrición comezará a contarse desde que cesara a súa comisión.

### **Capítulo IV. Sancións.**

#### **Sección primeira: Órganos competentes.**

#### **Artigo 143. Potestade inspectora e sancionadora.**

1. A vixilancia e a inspección do cumprimento dos preceptos desta Lei corresponde aos axentes forestais, que no desenvolvemento das súas funcións teñen carácter de

axentes da autoridade, e os demais corpos e institucións da administración que, con carácter xeral, teñan encomendadas funcións de custodia dos recursos forestais.

2. A incoación dos expedientes sancionadores correspóndelle ó delegado provincial competente en materia forestal por razón do territorio no que se cometeu a infracción ou, de ser o caso, daquel con maior superficie afectada.
3. A tramitación dos expedientes sancionadores axustarase ao disposto na Lei 30/92 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, á súa normativa de desenvolvemento e ás prescricións contidas nesta Lei.
4. Serán competentes para a resolución dos procedementos sancionadores por infraccións cometidas en materia de montes:
  - a) O delegado provincial da consellaría competente en materia de montes, para a imposición de sancións pola comisión de infraccións leves.
  - b) O director xeral competente en materia de montes, para a imposición de sancións pola comisión de infraccións graves.
  - c) O conselleiro que teña asignada a competencia en materia de montes, para a imposición de sancións pola comisión de infraccións moi graves.

## **Sección segunda: Sancións.**

### **Artigo 144. Multa.**

### **Artigo 145. Sancións accesorias.**

En función da gravidade ou transcendencia da infracción poderanse aplicar as seguintes sancións con carácter accesorio:

- a. Comiso tanto dos produtos forestais ilegalmente obtidos coma dos instrumentos e medios utilizados na comisión da infracción
- b. Suspensión temporal de actividades ou instalacións causantes do dano ata a posta en práctica das medidas correctoras.
- c. Clausura definitiva total ou parcial das actividades ou instalacións.
- d. Revogación de licenza ou caducidade do título habilitante para o exercicio das actividades causantes da infracción.
- e. Perda das axudas e subvencións de que se beneficiara o infractor, así como devolución das cantidades que percibise.

## **Sección terceira. Reparación do dano e indemnización.**

### **Artigo 146. Reparación do dano e indemnización.**

1. Sen prexuízo das sancións que se impoñan, o infractor deberá reparar o dano causado na forma e condicións fixadas polo órgano sancionador. Esta obriga é imprescritíbel no caso de danos ao dominio público forestal.

2. A reparación terá como obxectivo a restauración do monte ou ecosistema forestal á situación previa aos feitos constitutivos da infracción sancionada. O causante do dano virá obrigado a indemnizar a parte dos danos que non poidan ser reparados, así como os prexuízos causados.
3. Poderá requirirse así mesmo indemnización nos casos en que o beneficio económico do infractor sexa superior á máxima sanción prevista. Esta indemnización será como máximo do dobre da contía do devandito beneficio.
4. Os danos ocasionados ao monte e o prazo para a súa reparación ou restauración determinaranse segundo criterio técnico debidamente motivado na resolución sancionadora.

#### **Artigo 147. Multas coercitivas e execución subsidiaria.**

1. Se os infractores, de acordo co artigo anterior e transcorrido o prazo sinalado no requirimento correspondente, non proceden á reparación, a administración instrutora poderá acordar a imposición de multas coercitivas ou a execución subsidiaria a custa dos infractores. Se os infractores, nas mesmas condicións descritas anteriormente, non aboasen a indemnización, a administración poderá impoñer multas coercitivas ou proceder ao apremio sobre o patrimonio dos infractores.
2. As multas coercitivas serán reiteradas por lapsos de tempo que sexan suficientes para cumprir o ordenado, e a contía de cada unha das devanditas multas non superará o vinte por cento da multa fixada pola infracción cometida.
3. A execución pola administración da reparación ordenada será a custa do infractor.

#### **Artigo 148. Criterios para a graduación das sancións.**

1. Teranse en conta os seguintes criterios para a gradación das sancións:
  - a. Intensidade do dano causado, dos prexuízos e da reversibilidade do mesmo en función do tempo necesario para a restauración natural da zona danada.
  - b. Grao de culpa.
  - c. A reiteración, entendida como a concorrencia de varias irregularidades ou infraccións que se sancionen no mesmo procedemento.
  - d. Beneficio económico obtido polo infractor.
  - e. A superficie afectada e o valor atribuído a cada tipo de cobertura vexetal.
  - f. A adopción inmediata e eficaz de medidas tendentes a diminuír o dano ou prexuízo ocasionado.
  - g. A situación de risco xerado para as personas ou as cousas, en especial se cometeu a infracción en zonas queimadas e/ou zonas declaradas zonas de alto risco de incendio forestal.
2. En todo caso, poderá reducirse a sanción ou a contía da sanción, a xuízo do órgano competente para resolver segundo o tipo de infracción de que se trate, atendendo as circunstancias específicas do caso, entre elas o recoñecemento e a emenda da conduta infractora e a reparación dos danos causados no prazo que se sinale no correspondente requirimento efectuado ben polo axente denunciante, polo órgano competente para a incoación do expediente sancionador ou polo órgano competente para a súa resolución, ou cando a sanción resulte excesivamente onerosa. O feito do pagamento adiantado, a

proposta do instructor, non eximirá da necesidade de restaurar ao estado orixinal cando así o estableza a correspondente resolución.

3. Os criterios de graduación recollidos na alínea 2 non poderán utilizarse para agravar a infracción cando estean contidos na descrición da conduta infractora ou formen parte do propio ilícito administrativo.

#### **Artigo 149. Prescrición das sancións.**

1. As sancións impostas pola comisión de faltas moi graves prescribirán aos tres anos, e as impostas por faltas graves ou leves o farán aos dous anos e ao ano, respectivamente.
2. O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse dende o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.
3. Non prescribirá a obriga de restaurar o medio forestal ao estado anterior á comisión da infracción.
4. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputábel ao infractor.

## **Disposicións adicionais.**

### **Disposición adicional primeira. Concorrenza de expedientes sobre deslindamento de montes e delimitación de concellos.**

Se o proceso de deslindamento dun monte dunha entidade local ou veciñal en man común coincidira no tempo coa substanciación dun expediente administrativo sobre a delimitación de concellos, quedará interrompido o expediente referido á delimitación de montes ata que se resolva o dos concellos.

### **Disposición adicional segunda. Defensa.**

Cando por razóns militares da Defensa teñan que ser ocupados montes de dominio público forestal estarase ao establecido na disposición adicional oitava da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes.

### **Disposición adicional terceira. Xestión dos montes pro indiviso.**

A xestión dos montes en pro indiviso poderá realizarse consonte o previsto na disposición adicional décima da Lei 43/2003; ou de darse os requisitos legais de aplicación, consonte ao previsto para as unidades de xestión forestal na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza ou na súa normativa de desenvolvemento.

### **Disposición adicional cuarta. Clasificación como veciñais enmán común dos montes de titularidade municipal e uso comunal.**

1. O Xurado de Montes Veciñais de Galiza, de oficio ou a pedimento da comunidade vecinal que viñera aproveitando un monte de titularidade municipal e uso comunal, poderá instar, a respecto do mesmo, os expedientes de clasificación correspondente aos efectos de comprobar a pervivencia do seu uso veciñal e, xa que logo, a súa clasificación coma monte veciñal enmán común se fose procedente.
2. Neste senso, no decurso do primeiro ano de vixencia desta Lei, o Xurado de Montes Veciñais de Galiza instará de todos e cada un dos concellos certificación dos montes de titularidade municipal e uso comunal que consten en cadanseu Inventario, con expresión da súa superficie, lindes e datos rexistrados, de ser o caso e sinalando, asemade, o tipo de uso comunal que se fai de todos e cada un dos mesmos e a vecindade dos seus beneficiarios.

### **Disposición adicional quinta. Prevención e defensa contra incendios forestais.**

O sistema de prevención e defensa contra incendios forestais contemplado no artigo 118 é o previsto na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

## **Disposicións transitorias.**

### **Disposición transitoria primeira. Montes consorciados ou con convenios coa Administración.**

1. As comunidades propietarias de montes de veciños consorciados ou con convenios coa Administración, e con independencia de que neles fosen parte os concellos ou os órganos de goberno provinciais, poderán optar por subrogarse no consorcio ou convenio preexistente, realizar un novo convenio ou resolver o existente.
2. Naqueles montes con convenios ou consorcios en vigor sobre os que non se realizará ningunha actuación ou ben que non contén con masas arboradas, poderá ser resolto o convenio ou consorcio, condonándose a débeda, sempre e cando exista un instrumento de xestión aprobado pola administración forestal.
3. As débedas dos consorcios realizados pola Administración forestal do Estado serán condonadas polo importe a que ascendía a débeda no momento da clasificación do monte como veciñal en man común.
4. Se os consorcios coa Administración continúan en vigor, ben na súa forma orixinal ou transformados en convenios ao amparo da disposición final terceira da Lei 55/1980, do 11 de novembro, e a totalidade ou parte da débeda existente no momento da clasificación fose amortizada, o importe desta devolverase ás comunidades en forma de investimentos a realizar pola administración en nome propio.
5. Cando o consorcio ou convenio fose resolto e liquidado, as comunidades interesadas poderán solicitar a devolución do importe das amortizacións realizadas no momento da clasificación, que será compensado pola Administración en forma de investimentos materializados no propio monte.
6. Estes investimentos realizaranse con acordo expreso das comunidades propietarias, nun prazo máximo de catro anos.
7. En todo caso aquelas comunidades que se beneficien da condonación da débeda segundo o contemplado nesta disposición e queiran rescindir o consorcio ou convenio terán que presentar sempre un plan de aproveitamentos e xestión do monte, que haberá de ser aprobado pola Administración

### **Disposición transitoria segunda. Incentivos respecto dos montes non ordeados.**

1. Durante o prazo establecido na disposición transitoria terceira da Lei 43/2003, os propietarios de montes non ordenados poderán acollerse aos incentivos aos que se refire esta Lei, podendo ser obxecto de subvención ou crédito a elaboración do correspondente instrumento de xestión forestal. Pasado o devandito período denegaráselle de oficio calquera incentivo en tanto non se doten de instrumento de xestión ou, no seu caso, se inclúan nun Plan de Ordenación dos Recursos Forestais.



2. Se durante este prazo se produce un cambio de propiedade, o prazo de dez anos para o novo propietario empezará a contar dende o momento da transmisión.

#### **Disposición transitoria terceira. Prazo para dotarse do plan de xestión forestal.**

Os montes deberán dotarse dun instrumento de xestión forestal no prazo máximo de dez anos contados dende a entrada en vigor desta Lei.

#### **Disposición transitoria cuarta. Inclusión no Rexistro Galego de Montes Ordenados.**

No Rexistro Galego de Montes Ordenados incluíranse tódolos xa inscritos no Rexistro de Proxectos de Ordenación e Plans Técnicos de Xestión de Montes, creado ao abeiro da Orde de 12 de xuño de 1998.

#### **Disposición transitoria quinta. Autorización de corta en montes veciñais en man común.**

As solicitudes de autorización de corta nos montes veciñais en man común, ata que non se doten do instrumento de xestión forestal obrigatorio que preceptúa a normativa vixente, deberán incluír un plan facultativo de corta anual, asinado por profesionais con titulación específica forestal universitaria, onde se xustificará a necesidade ou oportunidade do aproveitamento, así como a súa localización planimétrica, a superficie obxecto do aproveitamento, o número de pés, o volume por especie afectada e a taxación correspondente.

#### **Disposición transitoria sexta. Montes sen instrumento con aproveitamentos madeirables.**

Se o monte suxeito a aproveitamento madeirable non ten instrumento de xestión, será obrigada a súa rexeneración ou plantación nun prazo inferior a dous anos contados dende a concesión do permiso para a súa realización.

#### **Disposición transitoria sétima. Procedemento extraordinario de revisión.**

1. Os croquis de montes veciñais integrados nun expediente que, pola súa antigüidade, non reúna as características de fiabilidade e precisión que esixen as novas técnicas topográficas, ou naqueles nos que se tivera incorrido nun erro de feito que resulte dos propios documentos incorporados ao expediente, poderán ser obxecto dun procedemento extraordinario de revisión.
2. Nestes casos completarase o expediente con aqueles datos e documentos que se consideren necesarios e, previa vista e audiencia aos afectados, dictarase a pertinente resolución polo Xurado de Montes Veciñais.
3. Unha vez feita a revisión, procederase á marcaxe dos montes veciñais, que en todo caso debe axustarse ó croquis revisado. A marcaxe poderá realizarse de oficio pola propia Administración ou con base nunha proposta formulada polos propias Comunidades que deberá ser aprobada polo Xurado de Montes e publicada no D.O.G. Con posterioridade á marcaxe abrirase un prazo de alegacións de dous meses do que se excluírán os predios amparados por inscrición rexistral.

4. Se no procedemento de marcare se suscitaran cuestións de posesión consolidada ou propiedade, reiniciarase o deslindamento de acordo co previsto no artigo 59 e seguintes da presente Lei.

#### **Disposición transitoria oitava. Procedementos de clasificación pendentes de resolución.**

Os procedementos de clasificación pendentes de resolución, pasarán a ser tramitados polo Xurado de Montes Veciñais de Galiza e seguirán o procedemento establecido nesta Lei.

#### **Disposición transitoria novena. Procedementos de descatalogación en curso.**

Os procedementos de descatalogación previstos nesta Lei aplicaranse aos que se inicien a partir da súa entrada en vigor.

#### **Disposición transitoria décima. Terreos con uso forestal.**

Namentres non se teñan aprobados os instrumentos de planeamento urbanístico que delimiten os predios rústicos segundo a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aos efectos do contido na presente Lei, terán a consideración de terreos con uso forestal os que así se reflectan na referencia cartográfica que regulamentariamente estableza a consellaría competente en materia de montes.

#### **Disposicións Derrogatorias.**

##### **Disposición derogatoria primeira.**

Queda derogada a Lei 13/1989, do 10 do outubro, de montes veciñais en man común e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto nesta Lei.

##### **Disposición derogatoria segunda.**

Queda derogado o Decreto 306/2004, do 2 de decembro polo que se crea o Consello Forestal de Galicia.

#### **Disposicións Derradeiras**

##### **Disposición derradeira primeira. Habilitación normativa.**

Facúltanse ao Consello da Xunta para actualizar anualmente a contía dos importes monetarios que aparecen nesta Lei consonte á variación experimentada polo Índice de Prezos ao Consumo ou índice que o substitúa, para modificar a unidade mínima de actuación forestal e o límite á segregación de montes establecidos nesta Lei e para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta Lei.

##### **Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.**

Esta Lei entrará en vigor ao mes seguinte da súa publicación no *DOG*.